

AQUÍ E AGORA 19



XUNO 2019

ÍNDICE

ESTIMAS AOS XOGRARES 2

QUEIXAS AO MUNDO 3

SEN MEDO 5

POESÍA 7

ENTREVISTA A BEGOÑA 9

REFLEJARTE 11

CÓMIC 14

EMMA PEDREIRA 19

LETRAS GALEGAS 22

ENTREVISTA JORGE 26

SARRIA... 29

DIME QUE 33

A NOSA INFANCIA... 35

DÍA DA PAZ 38

FEMINISMO 40

LGTBFOBIA 41

MULLERES/DEPORTE 42

A PÍLLARA DAS DUNAS 48

O CAMBIO CLIMÁTICO 49

ANTIVACINAS 51

AUXE NEOFASCISMO 53

EUROVISIÓN 54

FORTNITE 55

MODA 56

CINE 57

ROTEIROS 58

DÍA DO LIBRO 59

ÁLBUM DO XOGRAR 60

XOGOS 71

PASATEMPOS 73

DESPEDIDAS 77

ADEUSES 78

AGRADECIMENTOS 80

EDICIÓN

Ben chegado sexas lector/a a esta décimonona edición da revista Aquí e Agora, conformada polas angueiras, pero sobretudo polo agarimo , daqueles que cos seus traballos literarios e artísticos fomos quen de irmos facendo xeira a xeira, a pesares das fochancas e atrancos que foron xurdindo polo camiño. Alá quedaron as reunións do lecer, alá deixamos proxectos que non foron posíbeis, alá esquecemos ideas que xurdiron e acó está o que fomos capaces de realizarmos.

Grazas queremos dar, en primeiro lugar, a tod@s @s que, aínda non formando parte do equipo de redacción, colaborastes con nós, ofrecéndonos eses anaquiños de voso. Sabemos que en toda expresión escrita deixamos a nosa pegada e polo tanto un pouquiño daquilo que somos, daquilo que exteriorizamos para compartir cos demais . Por iso, grazas, unha e mil veces, a tod@s os que compartistes a nosa experiencia escrita, aos que aportastes ideas, aos que nos estades lendo agora mesmo, aos que facilitades e permitides que Aquí e Agora siga medrando nunha nova edición.

Aquí e Agora 19 xa forma parte de vós, xa está nas vosas retinas, nas vosas mans. Sentídea. Lédea .Compartídea. Opinade...E lembrade que non é so a revista do Xograr, AeA son os nosos soños compartidos con vós.


ESTIMAS DO XOGRAR



María Rodríguez e Belén Garaña presentan **Ollares de liberdade** na casa da Cultura de Sarria, homenaxeando ás mulleres da comarca de Sarria

Alumnas do Xograr durante a rodaxe de **Personalidades**, curtametraxe presentada na Escolma de Cinema Galego

Cartel realizado por Damián Comesaña, gañador do certame sobre a **Igualdade** organizado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia




QUEIXAS AO MUNDO

Vixías a túa identidade e reputación dixital?

identidade

substantivo feminino

Conxunto de características ou elementos que definen unha persoa ou cousa fronte ás demais, o que fai que sexa recoñecida como tal.



reputación

substantivo feminino

Opinión xeral favorable ou desfavorable, existente sobre unha persoa ou cousa.

dixital

adxectivo

Que proporciona datos mediante díxitos.

Informática : Que codifica os datos con números que se expresan co sistema binario.

Calquera de nós posúe unha identidade fixada nun DNI. De que vale? Oficialmente identifícanos cuns díxitos, cunha nacionalidade, cunha pegada, cunha fotografía e poucos datos máis. Pero alí non di nada de nós, non nos define, non nos caracteriza, non di realmente quen somos porque todos, sen dúbida, somos algo máis. Somos seres mellores, somos seres intelixentes, somos persoas únicas, razoables, xenerosas, dialogantes...ou queremos ser. Calquera de nós coída a súa identidade esmeradamente, de acordo co seu pensamento, de acordo coa súa cultura, de acordo co que quere ou pretende ser.

O mesmo acontece coa nosa reputación, cadaquén trata de manter a mellor hixiene posible en canto a esta. Facémolo no día a día cos nosos hábitos, cos nosos feitos e quefaceres a base de actos programados ou involuntarios. Podemos coidar a nosa vestimenta, a nosa saúde, a nosa puntualidade, a nosa educación, o noso vocabulario, pero aí! Non somos quen de controlar a nosa pupila dilatada, o noso pulo moderado ou agresivo ante o imprevisto, o noso ton paciente ou impaciente ante os contratempos, o noso humor acedo ou lizgairo....Non somos robots, e os demais tampouco, xúlgannos. E aí aparece a nosa boa ou mala reputación.

A reputación non se merca, non se constrúe a nosa vontade, A reputación non é unha teoría, gañámola ou perdémola polo que facemos, polo que amosamos, polo que practicamos ...A reputación é a práctica do vivir. É unha opinión favorable que os outros nos dan ou nos quitan desfavorablemente segundo o que somos capaces de agasallar nas nosas interaccións sociais.

E agora que? Como interaccionamos socialmente? Hoxe DIXITALIZAMOS, hoxe as redes sociais son o eixo de relación, presentes en todos os lugares, en todos os intres, en todos os fogares, e, todo momento vital....

E ti? Protexes ben a túa identidade dixital? Coidas a túa reputación dixital? O teu futuro depende da pegada que vas deixando, dos díxitos que vas pulsando día a día, do agasallo que ofreces gratuitamente a ese ente que mañá te xulgará. Porque a memoria das persoas é fráxil, pero a dos robots é eterna.

Aquí e agora comeza a vixiar o que fas, o que dis, o que escribes, o que amosas...A túa identidade e reputación dixital permanecerá alá e despois. **Sempre.**

Lola Chaos



SEN MEDO. É POSIBLE "COHABITAR"

Nunha entrevista da Biblioteca Cervantes, que circula pola coñecida canle *Youtube*, o finado escritor Carlos Casares xa falaba no ano 1999 do libro electrónico, que descubriera nunha viaxe a Estados Unidos. Un considerable adianto tecnolóxico que permitía outro tipo de lectura e que tiña, como todo na vida, cousas boas e tamén outras menos.



Trinta anos despois, os e-readers, chamándolle á inglesa (lembrar que os e-books son os contidos) convertíronse nun produto asequible para todos (ou case) os petos con detractores e partidarios. O contacto co papel, a posibilidade de escribir cun lapis no propio texto ou a fácil lectura son algúns dos argumentos a favor dos primeiros. Prezos máis económicos nos libros cargados, poder levar moitos títulos en moi pouco espazo e estar á vangarda electrónica son os pros dos segundos.

O noso centro escolar, xa fai algúns cursos, recibiu unha achega económica que lle permitiu formar parte dun novidoso programa piloto chamado "Elbe", que posibilitou a compra de cinco lectores electrónicos. Foi unha nova aventura para a nosa biblioteca, pois permitíanos dispor de títulos moi diversos da literatura universal, española galega; algúns deles a través de descargas gratuitas, outros adquiridos con fondos *xograrinos*. E tamén sistematizar todo iso, en forma de autorizacións, préstamos e devolucións, control de cargadores e carga, etc. Cinco eran pouquiños, así que nas primeiras vacacións longas, dígase verán, rapidamente foron levados por lectores amantes da lectura...e dos experimentos.



No exercicio 2017-2018, o humilde traballo que se potencia dende a biblioteca, froito da colaboración de toda a comunidade escolar, reflectido na memoria do programa *Plambe* (Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares), fixo que a Consellería de Educación fixárase no Xograr para seguir dando pasos neste eido. Agora o programa bautizábase como "Elbe 2" e a achega económica, superior, permitíanos mercar 13 libros electrónicos de última xeración.





Cambiaba un pouco "o conto", pois estes *e-readers* tiñan unha dobre posibilidade. Dunha banda estes soportes electrónicos permitían, como os anteriores, a carga de libros de calquera tipo de materia, como se fixo xa nalgúns casos, o que permitía deste xeito aumentar os fondos do noso centro educativo e á par permitir a alumnado, profesorado, persoal de servizos e familias aventurarse noutro mundo un pouco diferente ao tradicional en papel.

Por outra, e formando parte dun proxecto piloto, que vai dando os seus pasos pouco a pouco pero correctamente, os usuarios podían tamén acceder a unha biblioteca de preto de 1000 fondos (que irá en crescendo) creada dende a Consellería de Educación. Para poder achegarse á lectura deses libros procedeuse dende a biblioteca a ir rexistrando lectores, cuxos datos (nome, apelidos, correo electrónico e DNI nalgúns casos) foron trasladados á Biblioteca Escolares. Dende alí remitiuse

posteriormente uns contrasinais individualizados que posibilitan o acceso a esa biblioteca virtual e ler deste xeito en soporte informático, coas vantaxes que aporta.

ELBE-2. Siglas e un número que se corresponden cun proxecto innovador no que estamos “embarcados” un total de 50 centros escolares de toda Galicia, entre eles o noso. Unha forma de adaptarse aos tempos modernos, aqueles que se identifican con adxectivos como tecnolóxicos, dixitais, informáticos, pero que no fondo buscan tamén seguir loitando por aumentar eses niveis de lectura que cumpre seguir aumentando.

Así que, xa sabedes: alumnado, docentes, persoal de servizos, familias, animádevos a descubrir un mundo especial, diferente, sedutor, que vos permite gozar do enorme pracer que é ler, pero dunha forma diferente.



Ana María Cedrón Paz

Miguel Cumbras Álvarez

Equipo Biblioteca *IES Xograr Afonso Gómez de Sarria*

Poesía ma non troppo: As mil e unha lúas

Sherezade

Sálvame -pediu a luz-, non quero morrer. E naceron as mil e unha lúas

I -Lúas de Mel

Nos mares da lúa hai bosques de peixes, bocas de buguina, cráteres albaialdes, lavas de papoula..

-Non me cres?- preguntou.

-Bobo! – respondinlle-,
coma se eu non tivese
estado nunca na lúa!

Paxaros bobos

De non ter paxaros na lúa
nunca podería voar
contigo!


Hotel plenilunio

Só para bichos
noctámbulos:
Vampiros, mouchos,
bruxas, bufos, lobos e
curuxas.

(Non se admiten
lobishomes. Amantes e
poetas sl)

Parto poético

Nun acto de amor, o sol
preñou á noite. Nove soles
despois, naceu a lúa. E
daquel parto quedou no
ventre da nai unha
fermosa cicatriz : un
embigo de luz



II Lúas de Fel

Pequeno drama

-Soño:
Vaite por esta noite

-Insomnio:
Temo á escuridade

-Soño:
Cocedereiche a lúa

-Insomnio:
Temo aos pesadelos

-Soño:
Desposareite e
arrolareite

-Insomnio:
E cortarasme a cabeza



Olo de deusa

Inda que non te vexa, sei que estás aí, negra puta vella, rancia alcaiota. Sempre vixiante, nictálope olo de cíclope, ubicuo e insomne olo de deus. A eternidade dos mortos, a finitude dos vivos, as purgas da soedade, os pasos dos condenados, dos suicidas, dos esquecidos... Fala! Todas as sombras, todos os segredos na túa suxa boca contidos. Quixera pegarche un tiro na túa noca de neve. Mais non son eu torturadora do teu silencio. Respeto as túas indecentes canas. E xa calo, deusa.



Pepa Barrios

Entrevista a Begoña

1-Como foi o teu primeiro achegamento ao mundo da arte?

Como sempre soe pasar foi unha profesora que me deu plástica en 1º de BUP. Gustábame ver as súas mans que sempre tiñan restos de pintura e tamén lle gustaba moito traballar coas texturas, foie ela a que me fixo “engancharme” a todo isto.

2-Por que elixiches o mundo da ensinanza e non o mundo do deseño gráfico?

Pois porque a máxima do deseño gráfico é “menos é máis” e iso entrou en conflito coa miña forma de ser na que predomina o de “máis é máis”.

3-Tiveches algunha obra ou algún traballo que te marcara para sempre?

Sí, por suposto moitas cousas entre elas o meu proxecto fin de carreira sobre o Castro de Viladonga que me permitiu facer un traballo de deseño gráfico e fotografía e tamén aprender a valorar máis si cabe o noso patrimonio; impartir a asignatura de Cultura Audiovisual nalgún centro que estiven anteriormente, permitíume afondar en moitos fotógrafos, en películas clásicas, en momentos concretos da historia da arte... restaurar una cómoda antiga con debuxos meus, restaurar os cabezudos de Vilalba, poñerlle o meu pelo a una boneca da miña infancia, facer mandalas cos meus sitios favoritos...



4-Se as túas obras puideran falar que cres que dirían?

Fas unas preguntas moi orixinais, jeje. Dirían: Temos demasiada cor!. Gústame moito traballar sobre cousas que xa existen como a restauración, son un pouco excesiva polo que creo que os meus traballos se quiexarían de ter moito de todo.

5-Que estilos se ven reflexados nas túas obras?

O Pop art, o expresionismo e tamén son un pouco kitsch (polo de máis é máis).

6-Cales foron as dificultades máis grandes que encontraches no teu camiño como profesora ou artista? que lle recomendas aos artistas que están empezando o seu camiño?

O máis difícil foi encontrar o camiño que realmente me facía feliz que era o artístico. Nequeime durante bastante tempo por condicionantes varios pero, ó final, acabou gañando.

Como profesora non atopei moitas dificultades, estudiando non é difícil e, se ademais se che gusta o que estudas pois que máis podes pedir.

Eu non me considero artista, gústame máis o termo de artesá. O meu problema é que non me especializo en nada porque me gusta todo: restaurar mobles, debuxar, descubrir

técnicas, o lettering, o zentangle, o repuxado, o deseño gráfico por suposto, traballar a lá, a fotografía, animación 2D...

Aos rapaces que empezan eu diríalles que se te fai feliz ese é o teu camino.

7-Que futuro lle ves ao arte nesta época ?

Eu estou á marxe da arte como produto comercial. Creo que, como todo o que se vende precisa dun bó vendedor e de moito marketing. Creo que cada vez se lle dará máis importancia e ocupará unha gran parte do noso tempo libre.

8-Se ti foras pequena e viras nunha bola de cristal no que te convertiches e ao que chegaches na vida , que dirías ou pensarías?

No ensino sí que pensaba que podería ser una opción, pero como profesora de debuxo nin en soños. Estou moi feliz co meu traballo pero se me vira nesa bola que ti dis gustárame verme absolutamente libre de ataduras laborais, levantarme cada mañá e poñer en práctica todas as ideas artístico-artesás que se me ocorreran.

9-Poderíasnos contar alguna anecdota da tua experiencia nos centros?

Lembro con moito cariño a exalumnos que tiveron e que aínda teño contacto. O primeiro ano que dei clase no ano 2001 tiveron una alumna que cando rematou bacharelato fixo a carreira de farmacia, acabouna e empezou a traballar no seu. Gustáballe moito pintar e fixo varias exposicións. O ano pasado con 30 anos mandoume, toda emocionada a súa admisión na Complutense para facer Belas Artes. A verdade é que tamén me emocionéi.

10-Gañaches tu e os teus alumnos algunha vez un premio? cóntanos en que consistía e que gañastes ?

Perdín máis que gañéi pero cando cres na túa idea iso dáche igual e sempre volves a caer na tentación de facer algo. Cos alumnos algún concurso escolar de carteis.

11-Que preguntas nos dirías que nos debemos facer cando imos a un museo e vemos una obra artística ?

Cos rapaces en clase traballo a composición, o significado das cores, a liña, as texturas... todo iso é fundamental á hora de entender e valorar unha obra. Se vas a un museo grande, céntrate en 7 ou 8 obras das máis importantes, le algo sobre elas, é importante saber algo do contexto histórico e, a disfrutar mirando para elas un cacho.

12-Ti cres que a asignatura de plástica está valorada ou a collen por coller?

Eu creo que se deberían valorar máis os coñecementos e destrezas que se adquiren cunha asignatura como esta. En 1º da ESO é obrigatoria e os rapaces, que aínda son pequenos, coñecen artistas e intentan imitalos, aprenden moitas técnicas que lles encantan e despois poden recoñecelas cando visitan un museo. Nesta idade son partidaria de seguir desenvolvendo a motricidade fina polo que traballan moito coas mans. En 3º é todo máis técnico, centrámonos máis no debuxo técnico sen descoidar a parte artística. En 4º que xa é para alumnado que lle guste a parte artística vemos desde técnicas, gravado, cine clásico, deseño gráfico e fotografía. Todo depende de cómo traballe o grupo pódense facer máis cousas ou menos. Creo que é una asignatura básica para unha sociedade na que a linguaxe audiovisual é unha linguaxe fundamental. Probablemente co tempo a linguaxe audiovisual sexa obrigatoria nas escolas.

Damián Comesaña Fernádes

REFLEJARTE

Reflejarte é un recurso que forma parte de Educación Responsable, un programa educativo da Fundación Botín, en colaboración coa Consellería de Educación e no que participa o noso centro. Este recurso favorece o desenvolvemento social, emocional e a creatividade a través dun traballo colaborativo. Este curso, na asignatura de Educación Plástica e Visual, a través da obra da escultora Cristina Iglesias, propúxose reflexionar aos alumn@s de 4º de ESO sobre a búsqueda do "meu lugar". Debían buscar texturas que recopilen as evidencias dese espacio. A partir de aí, realizouse a creación dun refuxio sensorial que poida integrarse no noso centro para crear unha



e
espaci

al. Nel deben integrar as súas "texturas emocionais", debe ser un espacio evocador, un recinto secreto, é dicir, un refuxio.

Os alumn@s integraron a escultura na aula de plástica como hall de entrada ao laboratorio de fotografía. Por un lado axúdanos a cargarnos de inspiración para sumerxirnos no maravilloso mundo da fotografía e, por outro lado, soluciónanos un problema técnico que é o de contribuir a manter a escuridade no laboratorio cando, accidentalmente, se abre a porta e entra a luz branca da aula.

O proxecto inclúe ao alumnado, docentes e familias.



O coro das emocións

Trátase dun recurso educativo deseñado para desenvolver, por medio do canto en grupo, as competencias emocionais, sociais e creativas que constitúen o obxectivo do programa Educación Responsable da Fundación Botín. É un recurso musical progresivo ideado para ser aplicado dende 1º de Educación Infantil ata 2º de ESO, durante 6 sesións de traballo que culminan nunha actuación final.

É un recurso que se centra no canto coral con independencia das dotes corais ou musicais de cada un. Para isto o recurso proporciona un repertorio amplo, con diferentes estilos e adaptado a diferentes niveis. Pretende ser unha ferramenta lúdica e asequible para todos, con independencia do talento musical, para o desenvolvemento da expresión emocional, social e creativa das persoas. Con isto pretende incidir no desenvolvemento afectivo (autoestima, empatía, expresión emocional), no desenvolvemento cognitivo (autocontrol, toma de decisións, actitudes positivas hacia a saúde) e no desenvolvemento social (habilidade de interacción, autoafirmación e oposición asertiva).



que se centra no canto coral con independencia das dotes corais ou musicais de cada un. Para isto o recurso proporciona un repertorio amplo, con diferentes estilos e adaptado a diferentes niveis. Pretende ser unha ferramenta lúdica e asequible para todos, con independencia do talento musical, para o desenvolvemento da expresión emocional, social e creativa das persoas. Con isto pretende incidir no desenvolvemento afectivo (autoestima, empatía, expresión emocional), no desenvolvemento cognitivo (autocontrol, toma de decisións, actitudes positivas hacia a saúde) e no desenvolvemento social (habilidade de interacción, autoafirmación e oposición asertiva).

O conxunto da actividade divídese en 4 grandes tramos: 1º a 3º de Educación Infantil, 1º a 3º de Educación Primaria, 4º a 6º de Educación Primaria e 1º e 2º ESO.

Cada un dos cursos traballa 3 pezas musicais o longo de 6 sesións de traballo que o recurso xa proporciona estruturadas, aunque suele ser necesario adaptalo á realidade que nos encontramos na aula. O curso pasado, por exemplo, utilizamos máis sesións, e este ano, según o visto, tamén necesitaremos máis tempo de preparación.

O ano pasado foi o primeiro que utilizamos o recurso e era máis estricto á hora de marcar os tempos e esixía máis traballo incluso ao profesor encargado. Había que cumprir certas datas, cumprimentar e enviar varios cuestionarios e crear e enviar unha ficha de traballo especificando o realizado en cada sesión de traballo. Este ano ofrécenos máis flexibilidade para centrarnos nas sesións.

Preténdese que o recurso se cerre cunha actuación final que se entenda como un espectáculo artístico. Este é, sin embargo, o apartado máis complicado de cumprir, xa que, en canto se lles menciona aos alumnos a palabra "actuación", entralles o pánico escénico.

Temos que contar coas diferentes personalidades e capacidades do alumnado, e a veces o "obrigalos" a facer algo que realmente os desborda non é o máis apropiado. Dito isto, veremos se este ano hai posibilidade de actuación en público ou facemos unha gravación en vídeo máis en privado.

En principio, o repertorio pensado para este ano sería:

"Sesere eeye", é unha canción tradicional da Illa de Moa, pertencente a Australia, que mestura palabras que proveñen de diversas linguas das illas. A canción e a coreografía que a acompañan, describen a pesca dunha ave típica desas illas que se lanza en picado para capturar peixes.

"Guadeamus hodie", trátase dun canon a 3 voces ao que se lle engade un ritmo estilo calipso. Non levaría coreografía en principio.

"Eram Sam Sam", unha canción infantil moi sinxela que se intentará facer con alternancia de voces e cunha coreografía axeitada.

#Somos creativos “SOÑANDO A MIGUEL”

O venres 5 de abril, os alumnos de 4ºeso B presentaron en Santiago o seu traballo audiovisual sobre Miguel Hernández, traballo enmarcado no programa de Educación Responsable (Fundación Botín) no que participa este centro e que se desenvolve nas Titorías e a través de diferentes actividades realizadas nas materias de Plástica, Música e Literatura.

O seu traballo artellouse sobre a vida e a obra do poeta alicantino Miguel Hernández a partir da lectura da antoloxía El silbo del dale.


Facendo este traballo tiveron a oportunidade de profundizar no coñecemento do home Miguel Hernández: na súa vida e nos seus soños. Pero coñecer a Miguel permitiulles, ademáis mergullarse na realidade dunha época que xa lles resulta descoñecida. O grupo do 27 despregouse ante eles con toda a súa diversidade artística, na que ademáis de poetas, narradores, dramaturgos, pintores, cineastas e músicos tamén había mulleres : mulleres poetas, mulleres narradoras, mulleres pintoras, mulleres filósofas...auténticas e rebeldes que marcaron o comezo dunha nova era.

Intentaron contar a vida de Miguel a través duns cantos versos que foron seleccionados pola súa transcendencia e significación, versos nos que a relación emoción/poesía é evidente ; e nos que Miguel Hernández consegue universalizar os seus sentimentos. Nese relato servíronse como elemento potenciador da música , que tamén permitiu coñecer a algún dos músicos españois máis importantes da xeración do 27: Manuel de Falla, Gustavo Pittaluga, Rodolfo Halffter e Salvador Becarisse.


“Soñando a Miguel” foi un traballo colectivo e emocionante que nos permitiu manexar moitos rexistros diferentes (teatro de sombras, cine, magazín, youtuber...) para construír este relato co que pretenderon actualizar a vixencia dos seus versos, que siguen conmovéndonos porque teñen alma.

Begoña Arias, Ana Belén Durán e Susana Cuevas


Alumnado de 2º e 4º da ESO




CÓMIC DE FLORIÁN




CÓMIC DE FLORIÁN



CÓMIC DE FLORIÁN





Falamos con EMMA PEDREIRA

A Coruña, 1978. Filóloga, escritora e membro da Plataforma de Crítica Feminista A Sega. Como narradora publicou *Bibliópatas e fobólogos* e *Corazón e demais tripas*. Como poeta, *O libro das mentiras*, *S/T*, entre outros títulos. En xuño de 2018 gañou o Premio Xerais de novela, por *Besta do seu sangue*, obra da que o xurado asegurou que supón unha proposta "de carácter transgresor caracterizada pola súa multiplicidade de voces, polo seu esencialismo narrativo e por exhibir diversos rexistros" Na vida real traballa, concilia, observa e rosma (a man e a máquina).



O Premio de poesía Fiz Vergara Vilariño nace no ano 2000 a iniciativa da Asociación Cultural Ergueitos, co patrocinio do Concello de Sarria, como homenaxe ao poeta de Santalla de Lúzara Fiz Vergara Vilariño.

No ano 2005 gaña este premio **Emma Pedreira** con *Casa de orfas* un libro onde podemos atopar cartografías de ausencias a percorrer os armarios, as ruínas e cinzas baixo as unllas, o medo a sobrevivir ao poema sobre o fregadeiro e o desexo na sala de estar.



O libro vai transcribindo as casas todas, con armas e dentes, creando manifestos que dislocan ósos e músculos para facer sitio ao que vén.

No ano 2018 sorpresivamente pero con todo o merecemento trece anos logo de gañar por primeira vez o premio de poesía Fiz Vergara Vilariño, a autora coruñesa repite a fazaña. A súa obra **As voces ágrafas** foi a obra gañadora desta décimo oitava edición A propia autora di que é un libro daquelas que non teñen

unha escrita, que ninguén se ocupou de darlles un espazo literario.

Emma Pedreira
OPINIÓNS

Moitxs escritorxs frustradxs foron profes durante todo o tempo que durou a miña carreira de filóloga e aspirante a escritora. Cada vez que gañaba un premio “perdía” unha materia. A frustración e a suspicacia son irmás siamesas por baixo da pel das persoas e a vacina, tan simple como a humildade, aínda está por comercializarse, porque existir xa existe.

nunca saberei decidir se é de pedra ou de árbore que son feita.



Na lista da compra só hai cousas para min.
Non coitelas, non arreatadas ameixas e infusións contra doenzas inventadas.
Non hai pan exótico para queimar nunha tixola mentres ti e mentres eu,
non hai caprichos para desfacerse na lingua.
Nin tabaco para o despois

@emma_pedreira

MANTERRUPTING: Dise da teima de interromper e asoballar o discurso das mulleres para desacougalas, invisibilizalas ou, simplemente porque #detodalavidadediossefixoasí. O manterrupting pode combaterse con consignas como: ‘sinto moito que a metade da miña frase teña batido contra o inicio da túa’, ou ‘Ahá, ahá, que interesante todo o que dis, oes, pero vou retomar o meu onde me fixeches deixalo porque, a verdade, é que me interesa moito máis, grazas’.

MANSPLAINING: (En galego Homexplicar) Explicación dun home a unha muller sobre calquera tema no que os homes se sintan lexitimados para teorizar aínda que elas sexan enxeñeiras de camiños, doutoras en física cuántica ou premios Nobel de Medicina. Teñen que ir eles dicirlles ‘miraeh, escoita que chidigo’. Adoita acompañarse de invasión corporal, función de contacto cenital e noxo xeral. *Explicatio non petita* mansplaining que me prestas.

Que che parece a actual situación da poesía galega ?

Sempre que respondo a esta pregunta sempre digo o mesmo , estamos nun momento moi bo e tamén moi malo , estamos nunha crise económica na que a poesía e a irmá da crise, sempre está ligada a esta pero ten o instinto de supervivencia que dá que en toda crise a poesía sexa un estado crítico da alma e da vida dos escritores e por iso sempre se está aferrando a subsistencia, a crear novos espazos a abrirse paso para non deixarse atrapar e esmorecer.

Cando comeza e a onde te levou a túa traxectoria poética?

A miña traxectoria oficial comeza arredor do 96 durante a carrera de filoloxía na Coruña cando publico o meu poema solto e un ano máis tarde o meu primeiro libro, pero antes xa escribía , xa viña facendo outro tipo de cousas , na escola ,no instituto, en todos eses momentos lembro estar escribiendo como contrapartida un pouco ao tema de non ler, daquela buscaba un pouco os meus propios espazos , escribindo todo o que me apetecía ler que se cadra xa estaba inventado mais eu non o sabía ,intentaba buscar a miña identidade no papel e nas letras , despois contactando a través da universidade con novos poetas , narradores , autores da creación que me precede , o contacto e o traballo con eles e ter unha experiencia facendo poemas e recitais con eles.

Que relación tes cos teus lectores?

O contacto cos lectores ten mellorado para min xa que coas redes sociais hai un contacto mellor que dá distanciamento e ao mesmo tempo cercanía facendo

interactuar con eles , é unha maneira menos física que por exemplo os recitais e obradoiros pero mais íntima xa que se forma ese espazo coma un vis a vis e podes manter unha conversa durante días e crear lazos e compartir un espazo de lectura e literatura

Que significan para ti os premios literarios?

Para min os premios literarios son o puntal de todo porque sen o primeiro premio Xoán Carballeira , sen ese primeiro libro non estaría aquí probablemente , para unha autora nova publicar un poema ou un conxunto deles encerrados nun libro non sería posible . Para min os premios son imprescindibles , hai moita xente que fala contra deles , que deberían desaparecer polos afáns políticos ,económicos que moitos premios levan detrás pero creo que en Galiza hai moitos premios que vigorizan e dan sentido ás voces novas e que lles dan unha finalidade ás actividades dos obradoiros e que fan que o tecido cultural poético galego estea vivo.

"Na lista da compra só hai cousas para min"

Que supuxo para ti o Premio Jovellanos ao mellor poema do mundo con A lista da compra da viúva?

Foi un dos premios máis importantes que me concederon , para min ten moita importancia para que o galego saise dese espazo da xeografía que vai entre o Miño e o Eo, e da zona da lusofonia e tivese impacto en zonas donde no acostuman a ler poetas galegos . Dá satisfacción aparte de que sexa un poema meu que fose en galego ...

Que novas formas de expresión poética practicas?

A crise obrigou a pechar moitas editoriais , revistas , obradoiros , moitos lugares de visualización dos poetas , pero por contra deu outras formas de autocreación como as redes sociais, os blogs ou novos modelos de editoriais, así se cadra morreron unhas oportunidades e naceron outras . É interesante que morrera ese vello pai e agora está vigorizando unha nai que é quizais a videocreación , os festivais poéticos e os demais tipos de visualización do traballo dos poetas.

Como cres que é a relación poesía e muller?

Hai un dato curioso, ao mirar a fotografía do grupo Amor e Desamor so había unha muller Pilar Pallarés rodeada de poetas como Miguel Anxo Fernán ou Manuel Rivas entre outros . Logo de dez anos a fotografía foi cambiado facendo unha paridade entre os xéneros , mais tarde xa na xeración dos 90 xa abundan as mulleres.Había un estereotipo de que a poesía do 90 era unha poesía de mulleres , agora estamos nun momento un pouco dual tendo publicacións nas que destacan homes e mulleres .Eu creo que hai moitas mulleres e homes creando e podemos facer diferentes tipos de visualización de xéneros dependendo do que queiramos amosar.

Diego López López

IES XOGRAR AFONSO
GÓMEZ DE SARRIA

LETRAS
GALEGAS
2019



*Eu traballei sempre por e para
Galicia. Unhas veces acertei, outras
non; pero en todo canto levo feito
puxen sempre toda a miña ilusión,
todo o pouco que sei, sen esperar
nunca nada a cambio.*



ALUMNADO DE 1º BAC NO MUSEO DO POBO GALEGO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2019

Antón Fraguas Fraguas dedicou a súa vida ao estudo da cultura e do territorio galego en diferentes ámbitos, con especial atención á antropoloxía. Ademais, cos seus traballos contribuíu a defender o idioma propio como lingua de expresión para calquera coñecemento, segundo expresa a RAG, que o escolleu este ano para ser o homenaxeado o Día das Letras Galegas.

Naceu no lugar de Insuela, parroquia de Santiago de Loureiro, daquela Concello de Cotobade, o 28 de decembro de 1905. Foi fillo de Manuel Fraguas Rodríguez, un canteiro que emigrou a Brasil pouco antes de nacer o neno, e de Teresa Fraguas Vázquez. Foi á escola pública da parroquia, no lugar da Costa. En 1912 o pai volveu de América, casou coa nai e recoñeceuno como fillo. En 1918 os pais tiñan decidido volver migrar, desta volta todos xuntos e que Antón chegase a ser maquinista de tren. Refusaron da idea pola intervención dun mestre que vía no neno capacidades para a docencia.

De 1919 a 1924 estudou o bacharelato no Instituto de Pontevedra onde se converteu ao galeguismo. En 1923, con 18 anos xunto con outros compañeiros de estudos a Sociedade da Lingua, co obxectivo de loitar na defensa do galego e publicar un dicionario, que non chegou a saír á luz.

A partir de 1924 fixo a carreira de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela. Ingresou nas Irmandades da Fala, presididas por Vicente Risco, e comezou a colaborar co Seminario de Estudos Galegos, no que foi admitido como membro en 1928, nas seccións de Xeografía, Etnografía e Folclore e Prehistoria.

Dentro do Seminario iniciou o estudo da xeografía histórica de Galicia, dedicándose especialmente ás terras do Concello de Cotobade. Como etnógrafo, comezou co estudo dos costumes ó redor do Entroido. Tamén foi bibliotecario da institución e participou na formación do Museo Etnográfico do Seminario instalado no Colexio de Fonseca. Licenciouse en 1928. En 1929 iniciouse na docencia na Facultade de Xeografía e Historia de Santiago de Compostela, onde exerceu como profesor auxiliar ata 1933.



En 1932 casou con Teresa Martínez Magariños, coa que nunca chegaría a ter fillos. Foi profesor do instituto da Estrada desde 1933 ata o comezo da guerra civil.

Participou nas campañas a favor do Estatuto de 1936 e tralo Golpe de Estado sufriu represión polas súas actitudes galeguistas, sendo depurado do seu posto de traballo. Tras ser detido, ademais, foi obrigado a borrar as pintadas a prol do Estatuto. Tivo que traballar no ensino privado ata que en 1950 puido recuperar a cátedra de instituto e doutorarse.

Dende 1950 ata 1959 foi secretario e xefe de estudos do Instituto Nacional Masculino de Lugo colaborando tamén co Museo Provincial e co Museo Diocesano e Catedralicio. En 1959 pediu traslado a Santiago de Compostela, ao Instituto Nacional de Ensinanza Media Rosalía de Castro onde exerceu a docencia e foi xefe de estudos ata a súa xubilación en 1975.

Fraguas foi un dos protagonistas da transformación do Seminario de Estudos Galegos, desmantelado polo réxime franquista, no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, constituído en 1944, no que foi bibliotecario, secretario e director da sección de Etnografía e Folclore, publicando as súas investigacións na revista editada polo Instituto, "*Cuadernos de Estudios Gallegos*".



En 1951 foi nomeado membro numerario da Real Academia Galega, na que ingresou o 8 de maio, ocupando a cadeira que deixara Castelao, do que fora alumno.

En 1963 foi nomeado director do Museo Municipal de Santiago, instalado no convento de San Domingos de Bonaval, que en 1975 pasou a ser denominado Museo do Pobo Galego.

Outros cargos e actividades que desempeñou Fraguas ao longo da súa vida foron, entre outros, a coordinación da sección de Antropoloxía cultural do Consello da Cultura Galega (1983) e promotor, membro numerario e bibliotecario da Real Academia Galega de Ciencias.. En 1992 o consello da Xunta de Galicia nomeouno cronista xeral de Galicia.



No seu haber figuran recoñecementos coma o premio Otero Pedrayo, a Medalla Castelao ou premio das Artes e das Letras en Galicia.

Finou por causa dunha doenza cardíaca o 5 de novembro de 1999, aos 93 anos de idade.

Entre as súas obras figuran biografías de personaxes ilustres como Murguía ou Castelao ademais da que foi a súa tese do doutorado sobre o Colexio de Fonseca da Universidade de Santiago, e achegas arqueolóxicas. Pero o campo no que quizais máis destacou foi o do estudo da cultura campesiña, e en especial da súa parte espiritual. Festas, crenzas, romarías, cantigas, usos e costumes, dicires etc. aparecen nos seus ensaios e conferencias.

OBRAS DESTACADAS:

- *Geografía de Galicia* (1953)
- *Galicia insólita* (1973)
- *Murguía, o patriarca* (1979)
- *Literatura oral en Galicia* (1980)
- *El traje gallego* (1985)
- *Aportacións ó cancionero de Cotobade* (1985)
- *Romarías e santuarios* (1988)
- *Celso Emilio Ferreiro* (1989)
- *Do Entroido* (1994)
- *As cousas de Antonio de Insuela* (1996)
- *A festa popular en Galicia* (1996)



Antonio Trapes Trapes

Ademais, este ano queremos sumarnos á conmemoración do [Día das Galegas nas Letras](#) adicado a Xela Arias, nada en Sarria no ano 1962. Parabéns



ENTREVISTA A JORGE MARCOS

1. Por que decidiches dar clases de relixión?

Todo ten que ver coa formación que eu tiña. Licenciárame en teoloxía(quería ser cura aínda que despois cambiei de opinión), e pensei que aquilo para o que tiña mellor formación era para dar clases de relixión. O ensino sempre foi algo que me atraeu e decidín que o meu futuro podería ir por aí.

2. Que é o que máis e o que menos che gusta de ser profesor?

Comenzarei decindo que é unha profesión, que eu me empeño a diario, a pesar dos meus erros, en vivila como unha auténtica vocación. Creo que a educación é o elemento fundamental e imprescindible para que todos teñamos un futuro mellor. Direivos que o que máis me gusta de ser profesor é o contacto diario convosco, a vosa capacidade para facerme moitas veces cambiar as cousas que penso xa que sempre me enriquecedes coas vosas ideas e valores e por iso, moitas veces, síntome un privilexiado xa que aprendo moito máis eu de vos que vos de min. Gústame a vosa capacidade de aprender, de asombro, de cuestionar... O que menos me gusta é ter que avaliavos, sei que o hai que facer, pero me custa moito.



3. Lembras algunha anécdota graciosa dando clase?

Anécdotas teño bastantes, sobre todo de cousas que teño leído que me parecen moi inxeniosas, pero pasábame algo cada inicio de curso que me facía rir. Cando me presentaba non decía que era cura e como o outro profe de relixión que había no centro era cura, o alumnado debía supoñer que eu tamén o era. O caso é que se me vían na rúa coa parella, vertíase o comentario picaresco de: “ vimos o cura cunha muller”...algo que tras decatarme correxín decindo dende aquela cando me presento, que non son cura.

4. Cales son as túas aficións? Cales eran cando eras adolescente?

Gústame moito camiñar, ir ao cine, os concertos de música en directo, ler, quedar a comer coa familia ou amigos... lembro que de adolescente me gustaba moito xogar ao fútbol e escoitar música.

5. Que opinas sobre a ideoloxía da igrexa?

Cando unha institución se rixe por persoas de idade un tanto avanzada, non podemos pensar que vai a estar á última en canto en innovación en calquer ámbito, mais tampouco o persigue. A Igrexa basease nunha Tradición, nunha Palabra escrita á que recurren constantemente para fundamentar as posibles opinión que verten sobre os determinados temas. Sei que se ten unha idea de que é unha institución anclada no pasado, que leva mal os cambios da sociedade, mais non é tanto así. Os seus fundamentos son firmes e pretenden ser sempre respetuosos co ser humano, aínda que, as veces, algunhas opinións non se sitúen nesta liña. As veces quere darse unha visión da Igrexa nos medios de comunicación un tanto sesgada que non responde á realidade. Na historia dun colectivo que ten máis de 2000 anos sempre se cometen erros, incluso delitos, eu so demando que asuman as responsabilidades e den resposta a todo aquilo ao que teñan que responder. Neste sentido, o Papa Francisco está sendo un sopro de aire fresco que vai nesa dirección

6. Como eras como alumno?

Un alumno normal, con materias que me gustan como a literatura, a filosofía, o grego, e outras que se me daban regular como as matemáticas ou a plástica. O que sí era é respetuoso e educado tanto cos compañeiros como co profesorado, polo conto que me tiña(risas)

7. Como profesor do centro, participas no club lector. Que che aporta esta actividade?

E unha das actividades que máis me gustan do centro. Para min é enormemente gratificante xuntarnos para falar tendo como excusa un libro. Aprendo moito de vos en cada reunión, xa que cadaquén aporta matices que enriquecen moito cada obra. E qué decir da presenza de autores!! Que nos expliquen ese mundo interior que os levou a crear unha obra paréceme maravilloso. Dende aquí, invítovos a que vos sumedes ao noso Xograr lector, pasando a formar parte dos lectores do Xograr nas reunións do club de lectura.

8. Que opinas da visión que ten a sociedade da relixión?

A opinión que a sociedade ten sobre a relixión vai ligada necesariamente á idea que que esa mesma sociedade ten sobre a institución que monopoliza esa relixiosidade que é a Igrexa Católica. Unha institución que emite valoracións sobre o que está mal e o que está ben sempre vai a ser foco de críticas se ela non é coherente co que predica. Ademáis, non debemos esquecer que temos unha historia que nos di que non sempre fixo o correcto pero, ao lado desas cousas non tan boas, sempre prestou servizo e fixo unha labor moi necesaria e positiva para moitos colectivos. Estamos

nun momento no que as institucións están en tela de xuízo, véxanse o mundo da política, da banca, por poñer dous exemplos. Houbo persoas que se sentiron como amordazados e agora se rebelan contra esa mordaza imaxinaria ou real e verten comentarios e opinións que non sempre son xustas. O exemplo o temos no refraneiro popular: ti como din os curas: “Fai o que eu che diga pero non fagas o que eu fago”, dan a entender o que tamén se escoita: “predícame cura predícame fraile que por un oído me entra e por outro me sale”. En definitiva, moitas veces se verten opinións non sempre certas e moi sesgadas, polo que debería terse unha mellor formación en materia relixiosa por parte de todos, tamén dos medios de comunicación. Cabe indicar que a relixión aporta para moitas persoas un sentido ás súas vidas e é o motor necesario que lles fai construír un mundo mellor. Hai quen denomina o século XXI como o século do rexurdimento do espiritual e na Igrexa Católica o estamos a ver con movementos como o “lesu Communio”: rapazas universitarias que deixan todo o que teñen e entran como monxas nunha comunidade en réxime de clausura. Existe no ser humano ese lado espiritual xa non tan ligado a unha relixión ou institución concreta, pero que é innegable.

9. Cantos anos levas no instituto? Cres que cambiou? Que cambiarías del?

Penso que levo 17 anos no instituto, perdoade se me equivoco, e por suposto, neste tempo, houbo moitos cambios. De principio, as persoas. Alumnos, compañeiros que nos deixaron e que a súa pegada sempre está presente. Tamén cambiou en canto a instalación, equipamento, incluso o concepto de ensino, xa que agora as TICS se nos impoñen, mais hai cousas que sempre están como por, xemplo, o bo clima que houbo sempre entre o profesorado e entre o profesorado e o alumnado. Qué cambiaría? Gustaríame unha participación maior de alumnos e pais e nais nos órganos nos que tedes representación. Tamén creo necesario un plan efectivo de acollida a persoas doutras culturas que permita que fora do centro vos relacionedes, xa que parece que ás veces, se establecen como medio guetos, cando dende o centro pretendemos que iso non ocorra. Tamén se está a facer un importante esforzo por parte de todos en educar na diferenza, no respecto aos demais sexa cal sexa a súa condición e en resolver os conflitos de modo dialogado. O tempo dirá se o fixemos ben.

10. Que te anima a facer as excursións de relixión?

Son consciente de que estades nunha etapa na que vos debemos facilitar o máximo de experiencias que permitan abriros os maiores camiños posibles. Creo que educarnos no gusto de visitar igrexas, museos, asistir a musicais, pasar un par de días xuntos, nos forman tanto como un día de clase. Defendo esa crenza por iso procuro que saiamos todos os anos. Para min é moi gratificante comprobar que, excepto algunha rara excepción, o voso comportamento é exemplar e é das actividades máis gratificantes para min. As veces me atopo con exalumnos e me falan deses momentos que recordan con agrado e me din: volvíñ a visitar aquel lugar que tanto me gustara e tan bos recordos me trae.

Moitas grazas por pensar en min para esta entrevista e noraboa pola magnífica revista que facedes!




SARRIA DENDA A LENTE

Este ano creamos unha nova sección dedicada á fotografía, este ano sobre a nosa vila, Sarria. Nestas páxinas expoñemos imaxes dende distintos puntos de vista desta poboación.


As fotografías que aparecen nos encabezados das páxinas son:

-A placa situada no edificio do Concello onde se indica a altitude da nosa vila respecto ao nivel do mar, 462 metros.

-O escudo da nosa vila, que representa o castelo do Conde de Lemos e Sarria (do que só queda o torreón, que está na parte alta da vila), que está representado co castelo e os leóns; os seis puntos representan os roeis dos Castro, o emblema heráldico dos Condes de Lemos; a cuncha, que se identifica co paso do Camiño de Santiago pola poboación; e a auga, que simboliza os dous ríos que circundan a vila, o Celeiro e o Sarria.



Nestas fotografías, tomadas dende unha casa na rúa Maior, pode observarse unha vista aérea da zona moderna de Sarria en contraposición con dúas imaxes da zona antiga.



Como se observa, as imaxes están tomadas no inverno, nun dos poucos días en que nevou.



Neste apartado móstranse imaxes nas que se critica a construción de novos edificios mentres outros van quedando en ruínas e caen.

Na parte superior da sección aparecen fotografías dunha casa en ruínas e invadida pola maleza situada na Travesía dos Fornos de Atrás.

Debaixo deste texto vemos imaxes tomadas dende a rúa perpendicular á antes citada Travesía dos Fornos, que se atopa pechada polo momento ao tráfico. Son edificios recentemente construídos ou en construción.



Nesta foto criticamos o maltrato que reciben diferentes monumentos, estatuas, imaxes, etc. Este é o caso do nicho situado á beira do Campo da Feira, e que hai uns anos tiña unha imaxe de Santiago, que debeu de ser expoliada, e encheuse o seu oco de imaxes de santos.



PONTES...



As pontes de Sarria máis importantes son a Ponte da Áspera (arriba á esquerda), pola que os peregrinos saen de Sarria cara a Barbadelo; a Ponte Ribeira (fotos inferiores), que se atopa agora mesmo cortada, e pola que tamén pasa o Camiño de Santiago; e a Ponte Vella. As tres son pontes medievais.



Foto tomada en 1979 por Víctor López Villarabid.

Foto tomada no ano 2000 por José M^a Bernárdez.

Estado actual da Ponte Ribeira.

... E IGREXAS



En Sarria contamos con moitas igrexas. Nestas fotos aparecen a Igrexa de Santa Mariña (esquerda), o Convento da Madanela (centro) e a Igrexa do Salvador (dereita). Nesta lista de igrexas (do casco urbano) falta a Igrexa de San Lázaro.



OUTRAS ZONAS DO CASCO VELLO...



O antigo cárcere, principios do século XX.



A praza do Concello, onde tamén se sitúa unha estatua do rei Afonso IX, fundador da vila.



O castelo dos Condes de Lemos, tamén coñecido como "Torre de Batallón", que data, polo menos, do século IX, aínda que o que queda é do XV.

... E DO RÍO



Fotos tomadas no camiño do Chanto, nas que se observan unha zona de augas rápidas e outra de augas máis mansas.

Traballo realizado por Tomás Cumbras Díaz e Diego López López, de 4º ESO A.

Agradecemos a colaboración de José Mª Díaz Bernárdez.

DIME QUE... FACÍAS MENTRES CAÍA O MURO DE BERLÍN

Que facías mentres o muro de Berlín caía ante a mirada de toda Europa? Onde estabas? Que música escoitabas? Como vestías? En que enredabas o tempo?

Este ano celébrase o 30º aniversario da Caída do Muro de Berlín e na nosa revista queremos coñecer como era a vida do noso profesorado fai 30 anos.

“Naquel momento era alumna do CEIP “Ortega y Gasset” de O Incio. Estaba cursando 4º de primaria e lémbroo como unha etapa feliz. Este acontecemento apenas tivo trascendencia no centro, nin tampouco na familia. Comentouse sen máis a caída do Muro.

Vestíamos roupa deportiva e escoitabamos *Los Pecos, Pedro Marín, Iván, ABBA*. Tamén se cantaba: “¿Qué harías tú/en un ataque preventivo de la URSS?” Xogaba ao brilé, a pillar, ao escondite; ao “vexo...vexo”, e lía.” (...)

“Eu tamén lembro esa canción de Polansky e tamén os programas de La Bola de Cristal e o *careto* de Jorge Martínez (Los Ilegales) no televisor... Daquela eu estaba no meu primeiro ano de instituto da miña vila e só quería ser aprendiz de punk, con algunhas lecturas xa algo adultas como Handke, Burroughs e un pouco de poesía. Todo era novo e fascinante.

O recordo do caída do Muro é moi vívido para mín pois quixen conseguir por todos os medios un anaco dese muro que se agasallaba no Nadal dese ano nunha revista chamada *Tiempo*. Ata fai moi pouco non o conseguín no rastro de Madrid. É un anaco de historia.” (X. Lois Gutiérrez Faílde)

“Hace 30 años, con 4, no recuerdo nada excepto ser una niña feliz y que mi prima nació. Vive en Inglaterra. La echo de menos. Jugábamos mucho juntas.” (...)

“Novembro, 1989... Xa choveu!! Primeiros meses do derradeiro curso de Filoloxía Románica (Francés, 5º curso). Na vella facultade situada na Praza de Mazarelos, no casco antigo de Compostela. Rematando a carreira e pensando que ao curso seguinte viñan C.A.P., oposicións...” (Miguel Cumbras)


“Había pouco tempo que rematara a carreira. Empecei a traballar facendo substitucións en Nigrán, Narón e Pontearreas no mesmo curso. Facía loga con compañeiros de Asturias e León. Paseábase pola praia en inverno, íamos ao mercado en Sabarís en Baiona. Escoitabamos El último de la fila, Mikel Erentxun, Bruce Springteen. Iamos ao cine en Vigo.” (Lucía Viña)

“En novembro de 1989 estaba cursando o meu último curso de Filoloxía Hispánica. Un dos cursos máis interesantes de toda a carreira. Lembro que vivía bastante absorta na preparación dos exames: piso- facultade- biblioteca- piso soía ser o trazado habitual da miña vida en Santiago. As noites dos xoves a singladura era cara os pubs da zona vella coma o Momo, o Metate, a Casa das Crechas e o Modus Vivendi.

A música que nos acompañaba eran os grandes hits como o de “I want it all” de Queen, o “You got it” de Ray Orbison e o “Like a prayer” de Madonna que tiña ademais un punto de subversión engadida pola irreverencia do vídeo e a repulsa que xerara no Vaticano. Tamén foi a

década da música española, divertida e gamberra cando menos. E por suposto , a música galega. Ademáis dos clásicos : Milladoiro , Luar na lubre e Siniestro Total, aquel ano soaba Leilía e comezabamos a valorar a importancia do noso, do bravú: nacía o agro-rock .Os Resentidos, Os diplomáticos e Yellow Pixoliñas puxeron letra a afouteza galega.

Mentres cafeteabamos, bebida estrela daquela época, atendiamos as noticias dos periódicos que acompañaban ese momento nos bares que frecuentabamos nos arredores da vella facultade de Filoloxía. Se me piden dúas imaxes daquela ano, probablemente sinalaría a da praza china de Tianamen e a da noite do 9 de novembro cando Berlín se convertiu nunha festa de reconciliación. A noite do 9 de novembro foi un furacán de esperanza para Europa . Caía o muro, un muro levantado para dividir unha cidade que representaba Europa e que tamén simbolizaba o mundo resultante da 2ª Guerra Mundial... Aquel día foi unha festa para Alemania, para Europa e para Occidente...30 anos despois, hoxe, os muros siguen a ser noticia. En EEUU, en Europa... para protexer, para defender, para..." (Ana Belén Durán Pernas)



“Era demasiado pequena para ter recordo algún pero segundo as reseñas familiares estaba xogando no parque ou na escola infantil, máis que feliz; co meu par de coletas.” (Antía Gonçalves)

“No ano 1989 estaba cursando estudos de Maxisterio en Lugo. Lembro que me gustaba a vida universitaria, algo novo para mín. Ocupaba case todo o tempo libre co deporte. Daquela xogaba no *Xuncas*, un equipo de baloncesto feminino que había en Lugo e viaxábamnos por toda España os fins de semana.

Daquela lía pouco pero escoitaba moita música. Lembro a caída do muro pero só co paso do tempo fun consciente da repercusión de tal feito na historia e agora, máis se cabe, da súa importancia, cando nos nosos tempos volvemos a escoitar novas que falan da creación doutros muros en diferentes partes do mundo.” (Sonia Cantalapiedra)

“Lembro as noticias na televisión e as emocións de todo o mundo vendo a caída en directo. Nesa época eu tiña 9 anos, pero lembro que xa tiña idea do que significaba porque tiñamos visto películas.” (Laura Mendaña Blanco)

A NOSA INFANCIA EXILIADA

Para Lily Burnard,
que axuda os refuxiados do presente,
sen esquecer os refuxiados do pasado.

Chamábanse Amelia, Mercedes, Antonio, Primavera, Liberto, Armonía, Marcelino, Gladys, Floreal, José... en 1939 eran menores de idade e, sen sabelo, formaron parte do primeiro gran desprazamento forzado de poboación na historia contemporánea de Europa occidental.

En 2019 cúmprense os 80 anos do final da Guerra civil española que, entre outras terribles consecuencias, obrigou ao exilio a milleiros de persoas que se viron forzadas a marchar de España fuxindo da represión fascista. A maioría delas saíron do país a través da fronteira hispano-francesa; calcúlase que tan só nos meses de xaneiro e febreiro de 1939 atravesaron os Pireneos, maioritariamente a pé, medio millón de persoas. Este éxodo masivo estaba formado tanto por poboación civil como por militares

do exército republicano; entre eles, un gran número de nenas e nenos coas súas familias así como grupos de menores illados acompañados de mestres e asistentes sociais. Os pequenos non chegaban indemnes a Francia, moitos deles sufriran durante longos meses os bombardeos aéreos sobre civís realizados en España polas aviacións da Alemaña nazi e da Italia fascista, así como as súas tráxicas consecuencias (falecemento de familiares e amigos, amputacións, feridas físicas e psíquicas...); outros padeceran xa diversas evacuacións durante a guerra, e vivían en colonias infantís lonxe dos seus.

Francia non soubo ou non quixo prepararse para a previsible chegada desta marea humana. A única medida legal *previsora* foi a publicación dun decreto, en novembro de 1938, que autorizaba o confinamento de “estranxeiros indesexables” en campos de concentración. En consecuencia, unha vez que os refuxiados alcanzaban a soñada fronteira, despois de difíciles marchas de días ou semanas, sufrindo bombardeos, pasando frío, fame,



Le Perthus, paso fronteirizo (28-1-1939). Foto anónima.



Familia Gracia (o pai Mariano e os seus fillos Alicia, Amadeo e Antonio, axudados por Thomas Coll, mutilado da Primeira Guerra Mundial, diríxense ao hospital de Prats de Molló.

sede e durmindo á intemperie, atopaban un novo pesadelo: o internamento en campos de concentración e a separación das familias. Na urxencia máis absoluta, as desbordadas autoridades francesas decidiron confinar os españois nas praias máis próximas á liña fronteiriza, circunvalando os fermosos areais con arame de espiño. O desastre humanitario era previsible: fronte ao mar e o vento invernaís, sen instalacións sanitarias nin alimentación adecuada, e cunha manta como única protección para pasar a noite sobre a area mollada, as enfermidades e os falecementos eran cotiáns, especialmente entre os nenos e as persoas maiores, que sucumbiron a gastroenterites, tifos, pulmonías...



Evacuación de menores cara á fronteira francesa.

Cando a situación comezou a organizarse, e para protexer a pequenos e maiores vulnerables, as familias foron separadas na fronteira: os homes eran conducidos aos campos e as mulleres, os nenos e os anciáns eran introducidos en trens con destino aos concellos galos que ofrecían acollida aos refuxiados. Esta separación e a posterior viaxe constitúen unha lembranza moi traumática, nunca esquecida polos adultos que as viviron de pequenos; algúns deles fixeron, sós ou acompañados por familiares, máis de mil quilómetros nuns vagóns que os levaban cara unha lingua e un lugar descoñecidos, co medo constante de ser en realidade conducidos de novo á fronteira con España. Repartidos por todo o territorio francés, o azar fixo chegar a estes refuxiados a aldeas bretoas, a vilas normandas ou a cidades provenzais; ás veces eran acollidos por familias solidarias, outras veces o seu destino eran escolas ou colonias de vacacións en uso, mais tamén antigas fábricas abandonadas ou cortes de animais transformadas en indignos e insalubres centros provisorios de acollida.

En medio de todo este caos, foron moitos os nenos perdidos, e moitos tamén os repatriados a España; algunhas destas repatriacións foron forzadas polo




700 nenos procedentes de Puigcerdà na estación ferroviaria de Latour-de-Carol (30-1-1939).

gobierno francés, que quería evitar a complicada instalación permanente dos refuxiados en territorios onde a súa chegada dobrara o número de habitantes en apenas trinta días. Mais tamén as deficientes condicións de vida obrigaron a moitas nais a enviar os fillos de volta a España, para protexelos da miseria e da enfermidade. Foi un difícil retorno para estes nenos de “rojos”, que tiveron que vivir humillacións de todo tipo, comezando polo moi

simbólico cambio de nome obrigatorio para aqueles que non figuraban no santoral católico; así, a nena Armonía pasou a chamarse Carmen, e Liberto foi Francisco. Este roubo identitario tamén o padeceron os nenos do exilio interior, e Libertad transformouse en Berta, na señora Berta que eu coñecín na miña infancia viguesa e que agardou 36 anos para facer pública ante a súa familia e os seus veciños a liberdade que levaba dentro dela.

As nenas e os nenos do éxodo de 1939, ao igual que as nenas e os nenos dos éxodos actuais, atoparon no país de acollida solidariedade e xenofobia, compresión e desprezo, respecto e rexeitamento; entre as mellores lembranzas conservadas na memoria exiliada, atópase o compromiso sincero e militante de moitas mestras e mestres da escola pública, laica e republicana francesa cos nenos do noso exilio. A historia non foi tenra con eles, e unha nova guerra contra o mesmo fascismo volvería conmocionar as súas vidas de 1939 a 1945; os que ficaron en Francia e sobreviviron á Ocupación nazi do territorio francés durante a Segunda Guerra Mundial apenas coñeceron a experiencia dunha infancia en paz.



A escultura de Joan Jordà, La Retirada. 1919 (2002), inspirada na familia Gracia, ilustra a portada do nº 10 da revista Les Cahiers du CTDEE, que recolle testemuños dos nenos do éxodo de 1939.

A nosa infancia exiliada fíxose adulta en Francia, e o que semellaba ser un destino temporal tornouse o lugar onde construír unha nova vida, ante a imposibilidade de regresar a unha España gobernada durante décadas polo fascismo.



Acuarela de Julien Weber-Acquaviva (2016).

Eles, as súas familias, os seus amigos e as asociacións que crearon e mantiveron vivas ata hoxe, conservaron xenerosamente para todos nós a memoria do noso exilio, unha memoria sen a cal non estamos completos, unha memoria que dignifica a pegada española na Europa do século XX, e que nos lembra a indignidade das fronteiras nesta terra onde todas, onde todos somos refuxiados.

Chámanse Gabrielle, Claudine, Jean, Monique, Blanca, Amado, Ángel, Palmyre, Enrique... e síntome orgullosa de que me consideren a súa amiga.

María Lopo

Día da paz no Xograr

ESTAMOS
PREPARADOS?

10 DE XANEIRO - DÍA DA PAZ

"TODAS AS PERSOAS TEÑEN DEREITO A BUSCAR E A
DISFRUTAR DE ASILO NOUTROS PAÍSES EN CASO DE
PERSECUCIÓN".

ARTÍCULO 14 DA DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS.



INVERNO DE 1957: 500.000 REFUXIADOS ESPANTOS EN FRANCIA.



700.000 MILLONS DE ESPANÓIS EMIGRARON NO ANO 1910. A MITADE SEN CONTRATOS DE TRABAÑO E O 10% ANALFABETOS.



PRÓTO DE 200.000 MILLONS DE GALEGOS EMIGRARON EN TRE 1910 E 1930. A MEIORANZE PARTE DELES NON REGRESARON.

VIDAS DE REFUXIADOS

COMITÉ DE REFUXIADOS: VIDAS EN GUERRA PERMANENTE

El comité de refugiados



En 1937, o Comité de Refugiados foi creado para apoiar os refuxiados da República. O seu traballo foi centrado en facilitar a integración dos refuxiados na sociedade española, tanto a nivel social como económico. O comité traballou para garantir que os refuxiados tivesen acceso a educación, emprego e atención médica. O comité tamén traballou para promover a integración dos refuxiados na sociedade española, tanto a nivel social como económico.

MARÍA CASARES, UNHA EXILIADA FEITA DE TERRA GALEGA



L'AVIGNONE - MONTROVE

Nada máis emblemática do exilio que a obra de María Casares, unha exiliada galega que viviu en Francia. A súa obra, 'L'Avignone - Montrove', é un relato visual da fuxida e da vida no exilio. A obra tamén é un exemplo da integración dos refuxiados na sociedade francesa, tanto a nivel social como económico.

LUÍS SEDANE : O FARDEL DO ESILADO




"EQUÍ ESTAMOS COS NOSTROS ANOS
ENCANECIDOS, DESTERRADOS NUN MUNDO
SEN INTIMIDADE NEN CORTESÍA, CAS NOSTRAS
LEMBRANZAS, MAIS SEN REMORDIMENTOS..."

CASTELAO: "GALICIA MÁRTIR"



Aos gallegos que andan polo mundo
Esta obra, 'Galicia Mártir', é un relato visual da fuxida e da vida no exilio. A obra tamén é un exemplo da integración dos refuxiados na sociedade francesa, tanto a nivel social como económico.



RELATO VISUAL DA FUXIDA



BUSCANDO ACUBILLO





FRONTE A NÓS
ÉRGUENSE OS VALOS



DERRUBEMOS OS
VALADOS!



HOXE
SOMOS NÓS,
MAÑÁ PODES
SER TI



NÓS NO XOGRAR

SEMPRE
CONFIAREMOS
NA SOLIDARIEDADE
DOS BOBOS E
XENEROSOS

NON SON ESTRANXEIROS, SON
COMPAÑEIROS



NON SON ESTRANXEIROS, SON VECIÑOS



NON SON ESTRANXEIROS, FORON SARRIÁNS



SIRIA EN SARRIA, SEARE POR SIRIA



https://www.lavozdegalicia.es/noticia/galicia/2016/07/28/rref-uglados-srrios-sarrtanos/9603_20160728P10091.htm

*"¡ÁNIMO, COMPAÑEIROS!
TODA A TERRA É DOS HOMES."*

ROSALÍA DE CASTRO, *PRA A HABANA!*



EMPATIZAR
PARA
INFORMAR

FEMINISMO

Todos oímos algunha vez falar sobre o feminismo, pero non todos coñecen o seu significado e orixe. O feminismo é un movemento que busca a igualdade das mulleres respecto aos homes. Ao tratarse de igualdade, moitas son as persoas que pensan que se debería chamar igualitarismo, pero isto non é así. As mulleres somos as que carecemos de dereitos e liberdade, polo tanto o feminismo intenta romper coa opresión que sufrimos as mulleres. A súa vez, o término "igualitarismo" non fai referencia a un problema específico, polo tanto recibe ese nome para demostrar que loita polos dereitos femininos e para acabar coa desigualdade de xénero. O feminismo non é un movemento exclusivo de mulleres, pero si foi iniciado por elas para lograr a igualdade. Tamén son moitas as persoas que din que é o contrario ao machismo, pero nada máis lonxe da realidade. O machismo considera que os homes son superiores as mulleres e o feminismo loita para acabar contra este pensamento que está arraigado na sociedade. Polo tanto, non son antónimos.



Un término que está a soar ultimamente é feminazi. Esta palabra, formada por feminismo e nazi, é utilizada con sentido despectivo en contra do feminismo. Son varias as persoas que fan uso dela ao referirse as mulleres que loitan pola igualdade e os seus dereitos. O feminismo non acaba con vidas, ao contrario que o nazismo. Esta palabra é incorrecta xa que intenta relacionar dous movementos totalmente opostos. Foi inventada e estendida por persoas con ideoloxía de ultradereita co fin de menosprezar as feministas e rexeitando a idea de que as mulleres teñamos os mesmos dereitos e intentado que non sexamos visibles.

O feminismo é necesario. É necesario acabar cos estereotipos sexistas, cos roles de xénero e ca desigualdade presente na nosa sociedade. Entre todas as persoas podemos lograr a igualdade. O feminismo é cousa de todos e todas.

“O feminismo é unha forma de vivir individualmente e de loitar colectivamente”

Simone de Beauvoir, feminista importante na loita dos dereitos da muller, reflexa con esta frase o que é o feminismo. Unha liberación para a muller grazas a loita entre todas.

Gisela Villanueva Río

LGTBFOBIA

A LGTBfobia é unha teima que afecta ao colectivo LGTB. O colectivo LGTB está formado por lesbianas (mulleres homosexuais), gais (homes homosexuais), transexuais (persoas que non se identifican co sexo que se lles asigna o nacer) e bisexuais (persoas que se sinten atraídas polos 2 sexos). Moitas veces só se fai referencia á homofobia, pero o certo é que a LGTBfobia afecta a todo o colectivo.

Esta lacra social fai referencia ao rexeitamento e discriminación que se pode mostrar tanto en agresións físicas como verbais, rechazo familiar, desprotección legal, acoso escolar e desigualdade laboral, entre outras formas de expresión.

As taxas de suicidio de mocidade entre 11 e 17 anos que sufren bullying por ser parte deste colectivo son moi elevadas. O obxectivo principal da lei contra a homofobia é acabar con estes feitos, penalizando as condutas LGTBfobas en distintos ámbitos da sociedade.

Na actualidade, son moitos os países nos que se considera un crime pertencer a dito colectivo. Para ser exactos, isto sucede en 72 países e en 5 deles está penado de morte.

É necesario acabar cos pensamentos que rexen a violencia e odio hacia este colectivo. Para iso é necesario educar a sociedade cuns valores que promovan a igualdade e a liberdade das persoas LGTB. Tamén é importante tomar conciencia sobre a gravidade da LGTBfobia, ao igual que visibilizar e denunciar as discriminacións.

Outra medida importante a lembrar é a de coñecer esta realidade dende pequenos e así poder rematar cos estereopitos e prexuizos da sociedade. Moitas veces cremos que chega con acabar coa violencia e comentarios LGTBfóbicos, pero as persoas LGTB medran con menos reforzos. O feito de preguntarlle a unha rapaza polo seu mozo e a un rapaz pola súa moza é unha conduta que se debe cambiar, xa que vai crecer pensando que iso é o correcto e ocultando quen é en realidade.

O 17 de maio celébrase o Día Internacional contra a LGTBfobia, para conmemorar a eliminación da homosexualidade da lista de enfermidades mentais por parte da OMS, feito que se produciu o 17 de maio de 1990. O seu obxectivo é denunciar todo tipo de discriminación que sofren as persoas do colectivo LGTB e loitar polos seus dereitos.

Outra celebración a ter en conta é o Día do Orgullo LGTB, celebrado o 28 de xuño co fin de loitar pola igualdade do colectivo. Coincide co día no que se conmemoran os disturbios de Stonewall, o que supuxo o inicio do movemento de liberación homosexual.

GISELA VILLANUEVA RÍO

MULLERES NO DEPORTE

Non hai que irse moi lonxe para poder ver ou escoitar deporte e despois deporte feminino. Ás veces só é necesario prender a televisión para saber que somos a excepción dentro da palabra deporte e a parte masculina sobreenténdese perfectamente, sen necesidade de aclarar detrás dela nada.

Actualmente existe unha gran fenda salarial que impide que nós como mulleres poidamos vivir de practicar deporte como a outra metade da poboación. Segundo a lista Forbes apenas se cola 1 muller entre os 100 deportistas internacionais con máis ingresos.

Malia a honrosas excepcións como os torneos de Grand Slom de tenis, que si pagan igual aos vencedores en categoría feminina e masculina, segue habendo moitos eventos deportivos onde elas gañan menos; que fan que se manteña esta gran fenda salarial. Un claro exemplo sitúase nos grandes torneos de golf, donde as diferenzas económicas entre homes e mulleres superan o millón de dólares. Tampouco podemos presumir que a xustiza estea ao noso favor, xa que a día de hoxe existe una lei que impide que as mulleres poidamos adicarnos a el profesionalmente. En baloncesto, por exemplo, só se lles pode facer contrato como xogadoras profesionais as rapazas que xoguen en primeira división da liga femenina. No resto de divisións non. Xogan como “amateurs” ou como semi-profesionais, manténdose a base de patrocinios. isto vai máis alá da fenda salarial, xa que obriga a ter outro traballo e dedicar o tempo libre ao deporte.

Os medios non son un claro exemplo do fomento da igualdade no deporte xa que actualmente só o 5% das noticias deportivas a protagonista é a muller, pero tampouco hai que esquecer que cada vez e paseniñamente nos estamos facendo un oco que so podemos agradecer ás que loitan cada día por non ser esquecidas como pasou con moitas delas no século XIX e XX.

Estas deportistas son algunhas das máis destacadas e tamén moitas das esquecidas:



Kathrine Switzer.

Alemaña,
05/01/1947.

Primeira muller en
correr unha maratón.

Irene González.

A Coruña,

26/03/1909.

**Gardameta de fútbol que
xogaba no Irene C.F.**



Charlotte Cooper.

Reino Unido,

22/09/1870.

**Tenista e primeira campioa
olímpica da historia.**

Almudena Cid.

Vitoria (País Vasco),

15/06/1980.

**Ex ximnasta de rítmica
que participou 4 veces
nos XX.OO**





Ana Peleteiro.

Ribeira (A Coruña),

02/12/1995.

Atleta experta en triplo salto e defensora do uso do galego.



**BEN
FALADO!**


CAMPIOA DE EUROPA E GALEGA COHERENTE

«Vaste dando conta de que ser galega é bo, non é malo. Porque vas ter un complexo por ter un acento ou falar un idioma. Ti vas polo mundo e todos falan o seu idioma, se eu teño un idioma porque vou estar cambiando as miñas raíces? porque Galicia e o galego son as miñas raíces. Por moito que eu viaxe polo mundo non podo cambiar, porque españoles hai moitos, pero galegos non hai tantos»


Judith Villasol Teijeira

Sofía Alvaredo López

Sarriás con fortaleza



AURORA LÓPEZ LÓPEZ



Naceu en Sarriá (Lugo) en 1948, onde realizou os seus estudos de Bacharelato. Licenciouse en abril de 1975 en Filosofía e Letras, pola universidade de Salamanca, na rama de Filoloxía Clásica, coa memoria da Licenciatura: "El vocabulario de las relaciones amorosas en Plauto".

Foi profesora, axudante de Filoloxía latina, na mesma universidade de Salamanca do 1975 ao 1976, e doctorouse en febreiro de 1979 cunha tese titulada "Fabularum togatarum fragmenta (Edición Crítica)".

Na universidade de Granada desempeña os postos de **axudante de Filoloxía Latina** (1976/1979), de **adxunta interina** (1979/1984), de **profesora titular numeraria** (1.984 /2003). Dende o 25 de xuño de 2003 é Catedrática de Filoloxía Latina por oposición.

Creou e dirixiu "La unidad de igualdad entre mujeres y hombres" (2008-2015).



Xubilouse o 30 de setembro de 2018 á tempo ca nomearon profesora emérita da universidade de Granada (01/10/2018). A súas liñas preferentes de investigación son:

- Literatura Latina, especialmente os xéneros de comedia e traxedia.
- Investigación sobre a literatura da muller e sobre a muller.
- Supervivencia e tradición clásica.
- Edición de textos clásicos.
- Estudos, edición crítica, bibliografía crítica de Rosalía de Castro.

Recibiu moitos premios e distincións, destacando o "**Pedró de Honra**" (Padrón - A Coruña, 2011), Casa Museo de Rosalía de Castro, A Matanza, Padrón, "**Homenaje a una pionera del feminismo académico**" pola universidade de Almería (25/11/2016)

O marxen da súa profesión como profesora universitaria, realizou ao longo de moitos anos, composicións musicais, sobre todo cancións, con letras dos máis importantes poetas galegos, cómpre destacar "**saloucos, 15 poetas da terra noi**", publicado pola Xunta de Galicia (Vigo, Galaxia- Xunta-1.999), **recitales en función universitarias**, tanto en España como no estranxeiro, acompañándose ela o piano (Tréveris-Alemania), 5-xi-93 Palos Kesseltat, **Cancións galegas, Rosario (Argentina)**, 21-X-95, museo de Bellas Artes, cancións galegas...

- A. LÓPEZ, *Fabularum, togatarum, fragmenta* (Edición Crítica), Salamanca, Universidad 1983.
- A. LÓPEZ, *No sólo hilaron lana. Escritoras romanas en prosa y en verso*, Madrid ediciones clásicas, 1.994.
- A. LÓPEZ - A. POCIÑA, *Conversas con Maruxa Villanueva na casa de Rosalía*, Hércules Edicións, 1995.
- A. LÓPEZ- A. POCIÑA, *estudios sobre la vida y obra de Rosalía de Castro*, Laivento 2000.
- A. LÓPEZ, "Mujeres en busca de la palabra, desde Roma a nuestro mundo", Peter Lang GmbH, 2000.
- A. LÓPEZ, "Las prostitutas en Roma", en J.M. García González- A. Pociña Pérez (eds), *en Grecia y Roma; las gentes y sus casas*, Granada, Universidad y SEEC, 2003, pp. 143-163
- A. LÓPEZ, "Helena en la poesía épica latina", en J.V. Bañuls, M. do C. Fialho, A. López et alii (eds), *O mito de Helena de Troia á actualidade*, Coimbra, Universidade, 2007.
- A. LÓPEZ, "Las mujeres del siglo I vistas por Marcia", en terceras jornadas Uruguayas de estudios clásicos, 2008.
- A. LÓPEZ, "Aproximación a un método de estudio de las literaturas clásicas desde una perspectiva feminista", en C. de la Rosa Cubo et al. (Eds), *Innovación educativa e historia de las relaciones de género*, Valladolid, Universidad, 2010.
- A. LÓPEZ - A. POCIÑA, *A procura da poesía*, Alvarellos, 2014.
- A. POCIÑA- A.LÓPEZ "Otras Fedras. Nuevos estudios sobre Fedra e Hipólito en el siglo XX", Granada, editorial Universidad de Granada, 2016.

1º BAC A

Tania é a miña prima, naceu en Sarria fai 39 anos, é filla de labregos e nete de labregos, dende sempre sentiu unha gran paixón polos animais e todo o que tiña que ver con eles. Cando xa se atopaba no instituto decidiu ir por ciencias e ao chegar a universidade rematou estudando veterinaria.

Os anos que pasou estudando foron dos mellores da súa vida, e agora lembraos con moita ilusión, pero ao acabar os estudos sentiu o problema de que non atopaba traballo na súa especialidade e sentíuse moi frustrada. Foron pasando os anos e esa frustración rematou no momento en que decidiu facerse cargo do negocio familiar, unha explotación de vacas, a cal ampliou e mellorou.

Hoxe en día di que esa decisión foi a mellor da súa vida e non se arrepente de nada.

Eu admiraos moito xa que é máis emprendedora e ademais conseguiu abrirse camiño nun negocio cuxa maioría dos traballadores son homes.


8 de marzo

8 de marzo, día da muller. Este día ía adicarllelo a miña nai pero pedíronme que fose de Sarria e ninguén da miña familia é de aquí así que, quería conmemorar as miñas amigas. Elas, coma min, nalgún momento viviron unha situación de desigualdade. Díxina un profesor noso... "Preciso seis nenOs para axudar a arranxar o galiñeiro do colexio e transportar o material", mentres nós, as nenas, quedabamos na clase... Non era así cando ese profesor precisaba que alguén pintase as teas do decorado para teatro..."

Elas saben de que falo.

Non culpo a ninguén, pero en certas circunstancias séguese manifestando esta desigualdade. Supoño que a educación é a única ferramenta que nos queda. As miñas amigas e eu estamos estudando para ter un bo futuro e que inxusto é, que un rapaz e unha rapaza estudando o mesmo non vaian ter as mesmas posibilidades... Así que, por elas, por min e por todas esas bombeiras, electricistas, camioneras... Por todas as mulleres sarrías, lucenses e galegas, feliz 8 de marzo!

- FORTES
- EMPRENDEDORAS
- INTELIXENTES
- APASIONADAS



- SOÑADORAS
- ATREVIDAS
- LOITADORAS
- GUERREIRAS

LALRA ÁLVAREZ LÓPEZ
1984C 8

Unha muller sarriana

Carmen é unha muller de 82 anos na actualidade. Naceu o 2 de marzo de 1937 na plena Guerra Civil española. A súa vida non foi doada, sen estudos, tivo que traballar en diversos traballos. E para sacarse o carnet de conducir necesitou aprender a ler a unha idade adulta, ao que traballaba polo día e ía a clases polas noites. Máis adiante casouse e volveuse nai dun fillo e ao que posteriormente volveríase avoa de dous netas. O seu marido morre dunha enfermidade. Actualmente podemos vela polas rúas cun chaleco reflector e con dous bantóns feitos por ela. Algunhas veces tamén podemos vela cun carrito da compra.

1º BAC B

Carmen Maceda Cabanas
A MIÑA BISAVOA

A miña bisavoa Concha emigrou a Cuba con tan só 12 anos en compañía dos seus familiares. Para chegar ata alí, tiveron que pasar un mes enteiro de viaxe en barco.

O seu primeiro traballo foi nunha casa e como lle gustaba moito a cociña conseguiu ser unha prestixiosa coaíeira.

Con 18 anos coñeceu a un asturiano, co que finalmente se casou.

Cando estaba embarazada comezaron as revoltas e tiveron que volver para Galicia, pasando outro mes no barco.

En total, tiveron seis fillas e con bondade e traballo criáronas.

En 1930, Tomás Carro funda a **Escola da Terra**, na vila de **Silva**.

En 1972, a súa filla **Maria Carro** que chega de estudos de **Enxeñaría de Enxeñaría de Edificación** en **Madrid**.

En 1975 fundan a **Escola da Terra** na vila de **Silva**.

En 1980 fundan a **Escola da Terra** na vila de **Silva**.

En 1985 fundan a **Escola da Terra** na vila de **Silva**.

En 1990 fundan a **Escola da Terra** na vila de **Silva**.

En 1995 fundan a **Escola da Terra** na vila de **Silva**.

En 2000 fundan a **Escola da Terra** na vila de **Silva**.

En 2005 fundan a **Escola da Terra** na vila de **Silva**.

En 2010 fundan a **Escola da Terra** na vila de **Silva**.

En 2015 fundan a **Escola da Terra** na vila de **Silva**.

En 2020 fundan a **Escola da Terra** na vila de **Silva**.

En 2025 fundan a **Escola da Terra** na vila de **Silva**.

8M

1. A natureza é unha muller de como a natureza. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte.

2. O mundo é un lugar de como a natureza. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte.

3. A vida é un lugar de como a natureza. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte.

4. A morte é un lugar de como a natureza. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte.

5. O amor é un lugar de como a natureza. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte.

6. A felicidade é un lugar de como a natureza. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte.

7. A tristeza é un lugar de como a natureza. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte.

8. A esperanza é un lugar de como a natureza. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte.

9. A desconfianza é un lugar de como a natureza. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte.


10. A fe é un lugar de como a natureza. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte.

Maria Carmen Vázquez Mourelle

Unha muller de Ourense que se dedica a ensinar a **lingüística** e a **lingüística** en Ourense. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte.

Unha muller de Ourense que se dedica a ensinar a **lingüística** e a **lingüística** en Ourense. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte.

Unha muller de Ourense que se dedica a ensinar a **lingüística** e a **lingüística** en Ourense. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte.




MULLER SARRIA

Unha muller de Ourense que se dedica a ensinar a **lingüística** e a **lingüística** en Ourense. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte.

Unha muller de Ourense que se dedica a ensinar a **lingüística** e a **lingüística** en Ourense. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte.

Unha muller de Ourense que se dedica a ensinar a **lingüística** e a **lingüística** en Ourense. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte.




LUZ BELOSO

Unha muller de Ourense que se dedica a ensinar a **lingüística** e a **lingüística** en Ourense. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte.

Unha muller de Ourense que se dedica a ensinar a **lingüística** e a **lingüística** en Ourense. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte.

Unha muller de Ourense que se dedica a ensinar a **lingüística** e a **lingüística** en Ourense. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte. Ela é a natureza que nos dá a vida e a morte.



MULLER

SERÁS AQUELA QUE QUIXECHES SER

Traballos realizados polo alumnado de 1º de BAC

A PÍLLARA DAS DUNAS

AVE DO ANO 2019

A píllara das dunas é unha especie propia de ecosistemas acuáticos que está catalogada como “vulnerable” .

A píllara das dunas habita en todo o litoral mediterráneo, **litoral atlántico**, algúns puntos da **costa galega**, localidades do interior de **Andalucía, Castela a Mancha; ademais de reproducirse en Baleares e Canarias**. A poboación española estímase en 5000- 6000 parellas.

Esta ave de pequeno tamaño e movementos nerviosos posúe un pico curto e puntiagudo e patas moi escuras de aproximadamente a mesma lonxitude que a anchura do corpo. O macho adulto na plumaxe nupcial presenta rechamantes debuxos na cabeza, pois loce as cellas e a fronte brancas, en contraste coa barra frontal e a zona entre os ollos e a parte superior do peteiro onde as plumas son negras; a parte superior da cabeza é grisácea, pero tórnase avermellada na caluga, mentres que o colar é aberto e de cor negra. A femia é singular, pero nela o negro é substituído por un marrón máis escuro que o das partes superiores e carece de plumas avermelladas na cola. O adulto non reprodutor e o mozo son similares á femia en plumaxe nupcial, pero as plumas das partes superiores presentan bordos pálidos, máis destacados no caso do inmaturo.



Ameazas

- **Turismo masivo e algunhas das formas de ocio** nas costas son moi molestas para estas aves na tempada de cría.
- **A construción descontrolada** no litoral destruíu moitos dos seus hábitats.
- **A limpeza mecánica das praias** elimina restos de algas onde hai invertebrados que serven de alimentos para estas aves e tamén vexetación próxima á costa onde fan os seus niños a ras do chan.
- **Aniñar** cerca de poboacións onde os gatos domésticos destrúen os seus niños.
- **abandono das salinas** tradicionais agrava o seu fracaso reprodutor.
- **No interior** sofre problemas de falta de auga e sobreexplotación de acuíferos.

José Manuel e Carlos 1º ESO C

O CAMBIO CLIMÁTICO

¿ Cal é o termino de cambio climático e como nos afecta?

O cambio climático é un termino que se refire á variación global da terra directa ou indirectamente á actividade humana que altera a composición da atmosfera. no cambio climático aparecen estes algúns destes gases como o metano, o dióxido de nitróxeno, etc... Como nos pode afectar o cambio climático si seguimos así. por exemplo os animais como oso panda, o oso polar, o orangután de Sumatra, a tartaruga verde están en perigo de extinción. os humanos temos dúas opcións para sobrevivir: desprazarse ou adaptarse. A xente que vive na costa terá que desprazarse ao interior e algunhas escapar das súas cidades países, etc...



Para saber como era o inverno e o verán fai 60 ou 70 anos preguntámoslle aos



nosos avós, veciños que recordan o tempo de antes.

1. Como recordas o inverno cando eras pequeno/a?

-Pois eu recordo o inverno moitísimo máis frío e chovía moito máis que agora.

-Pois antigamente na

miña época nevaba, chovía moito mais que agora. No inverno podía haber 40 ou mais de +40 Cm de neve, avces a neve duraba 15 ou ata un mes.

2. Tamén como recordas o verán cando eras pequeno/a?

- Eu recordo que os días eran máis caloroso pero tanto como o ano pasado.

-Pois o verán era caloroso pero non sol non queimaba coma agora era mais san.

3. Que che parece agora o tempo que tememos en pleno inverno?

-A min parécese que este tempo esta moi raro que no inverno faga esta calor.

-Pois este tempo non o vexo moi normal por que no inverno temos temperaturas de verán e chove e neva moi pouco.

4. Como ves o futuro si seguimos así?

- O futuro véxoo mal porque se seguimos así vai ser sempre verán.

-Pois o futuro véxoo mal, porque o sol é necesario e a auga tamén, están desaparecendo moitas especies animais e plantas.



5. Que podemos facer para cambiar o cambio o climático?

-Reducir o consumo enerxético é unha dos xeitos máis simples de diminuír as emisións de CO₂, separar o lixo, camiñar máis e usar menos o coche, usar

a bicicleta e recorrer ao transporte público.

-Adoptar o uso das enerxías renovables, desenchufar os aparellos electrónicos cando non o usemos, aforrar auga, non abusar da calefacción nin do aire acondicionado.

A mensaxe que lle daríamos ao mundo é que o planeta é de todos e todos temos que poñer o noso gran de area para frear o cambio climático e así reducir os problemas que poidan vir no futuro.



Hugo Deiros López
Patricia Díaz Fabeiro

DESMONTANDO O MOVEMENTO ANTI-VACINAS

Supoño que recentemente chegaría os vosos ouvidos esa nova tendencia que defende que non vacinar ós cativos é moito máis san e natural que vacinalos. Esta corrente foi bautizada pola prensa como “**movemento anti-vacinas**” e defende a ineficacia das vacinas como método preventivo contra enfermidades infecciosas, e nalgúns casos incluso culpa a vacinación de causar autismo e outros trastornos do comportamento. Obviamente, espero que saibades que isto é un despropósito que non ten base científica algunha. Pero como lectores críticos que sei que sodes, estarédesvos a preguntar: cales son as evidencias disto? Pois iso, amigas e amigos, e o que imos debater hoxe neste artigo.

A primeira vez que se asociou o feito de vacinarse co **autismo** foi nunha publicación do ano 1998 do médico británico Andrew Wakefield. Wakefield fixo estudos que demostraban que a triple vírica (vacina combinada de tres compoñentes víricos atenuados que inmuniza contra o xarampón, as papeiras e a rubéola) era a causante da aparición do autismo e outras patoloxías. Sucesivamente, outros laboratorios trataron de verificar estas conclusións sen éxito. Isto fixo que se puxeran en dúbida os métodos de experimentación utilizados por Wakefield, o que causou que a súa publicación fose retirada e retractada. Tempo despois descubriuse que el mesmo tiña intereses financeiros neses estudos e que todo formaba parte dunha trama fraudulenta. A pesar de que a día de hoxe estea máis que demostrado que non existe relación algunha entre a triple vírica e o autismo, este artigo fixo moito dano e chegou moi lonxe. Ata o punto en que a día de hoxe é a segunda causa pola cal os pais deciden non vacinar ós seus fillos.

Unha vez desmontado este mito mal fundado, imos co seguinte: a primeira causa de non vacinación no noso país é que as vacinas conteñen **mercurio**. Non. A día de hoxe as vacinas en España non conteñen mercurio. Si que é certo que ata fai algo menos de dez anos, un dos conservantes utilizado nas vacinas era o timerosal, un composto que contén mercurio. Porén, aínda sen evidencias da súa toxicidade nas doses adecuadas, as autoridades sanitarias decidiron eliminalo da composición das vacinas.


Outra das razóns polas cales moitos rexeitan as vacinas encanto a súa composición é porque conteñen **aluminio**. E isto si que é certo, pero e que a dose na que as vacinas conteñen sales de aluminio é máis baixa incluso que a que pode conter o leite materno. Porque o aluminio é o terceiro oligoelemento máis importante da nosa dieta, é dicir, é necesario para a nosa correcta alimentación nunha cantidade moi pequena. Logo, a dose que levan as vacinas, a parte de ser indispensábel para que se produza a resposta inmunitaria, non é tóxica, como tampouco o é o leite materno

O seguinte argumento anti-vacinas di que “**é mellor a inmunidade natural que a adquirida**”. Isto é verdade, sempre e cando se supere a enfermidade. Pero e que hai enfermidades que en rapaces de certa idade poden vir acompañadas de complicacións máis graves. Por exemplo, pasar o xarampón de xeito natural inmunízate contra el. Pero, e se ese xarampón desencadea nunha encefalite con consecuencias irreversibles para o

desenvolvemento cerebral do cativo? Segue sendo a inmunidade natural a mellor opción?

Unha vez desmontados todos as lendas que rodean as vacinas, aínda queda o argumento final, o de “**pero a ti que máis che dá?**”, “vacínase é unha **decisión persoal** e non facelo só afecta ó individuo que a toma” defenden algúns. Isto non é así, posto que o feito de vivir en sociedade exponnos a un fenómeno chamado “**inmunidade de rabaño**”. Isto é: se toda a poboación está vacinada contra un patóxeno, está inmunizada en conxunto. Pero poñamos por caso que a unha persoa, por motivos descoñecidos (un sistema inmune máis débil, unha vacina defectuosa...) a vacinación non lle fai efecto, é dicir, non o inmuniza e segue sendo susceptible a contraer esa enfermidade. Pois nun entorno no que resto do seu círculo estivera vacinado non pasa nada, porque non haberá quen o contaxie, está a salvo. Pola contra, se no seu entorno hai persoas que deciden non vacínase (non inmunizadas) este individuo quedará exposto a unha situación de risco. Logo, non vacínase non só te prexudica a ti, senón tamén a aquelas persoas ó teu redor cun sistema inmune máis débil. Isto contribúe a que prevalesan enfermidades que cunha adecuada vacinación poderían ser erradicadas. E que esa é a evidencia definitiva de que vacínase non é malo: **as vacinas funcionan!** Se hoxe en día moitos de nós non coñecemos moitas

enfermidades como a difteria, a poliomielite ou a rubéola e grazas as campañas de vacinación do pasado. Mais, se todo isto está tan claro ... Por que o movemento anti-vacinas fai tanto ruído? Porque se está servindo moito do uso das redes sociais para crecer e facerse forte. Un uso malversado de información a medias e sacada de



contexto pode favorecer estas correntes. É por iso que é moi importante ser máis crítico co que se atopa nas redes, non crer información que non estea lexitimada por

expertos nun area do coñecemento, contrastar o que lemos e preguntar a quen está informado. Por exemplo, eu a maioría de información para este artigo saqueina das páxinas web da **Sociedade Española de Inmunoloxía**, da **Asociación Española de Vacinología** ou do **Comité Asesor de Vacinas**, sabendo que o que está publicado aí é veraz. Se vas a Google e escribes “vacinas e autismo” o primeiro que che sae é un artigo dunha web de “saúde” que certifica que ambos termos están relacionados. Pero como ti agora xa sabes que o movemento anti-vacinas non está baseado en evidencias científicas, espero que rexeites este tipo de informacións falsas, compartas e fagas saber que a vacinación é algo positivo que nos permitiu deixar atrás moitas enfermidades infecciosas.

Carmela Cela

CAIXE DO NEOFASCISMO

Tras todo o ruído que provocou o partido de extrema dereita: “VOX” e co corpo medio estremecido tras ler o seu maqueado, atrasado, clásico programa político, dispoñome a falar deste e máis das consecuencias que nos poden perseguir tralo éxito deste partido.

O máximo repercusor da ideoloxía promulgada por VOX é a ignorancia. O que quero dicir con isto non é que só os ignorantes voten a VOX, senón facer unha pequena crítica ao descoñecemento que a sociedade ten en xeral sobre os partidos políticos aos que eles votan. Existen uns documentos nomeados “programas políticos”, estes documentos conteñen unha serie de propostas e promesas publicadas por cada partido para convencer ao pobo para que vote ou para que en caso de dúbida os cidadáns poidan saber o que cada partido político pretende. O alarmante é que según unha enquisa so o 38,6% de cidadáns len o programa político de cada partido. VOX construíu a súa fama a base de promesas racistas e despertando sentimentos patrióticos pola unidade de España e a pesar diso a cidadanía aplaude as súas condutas atrasadas que cren na supremacía heterosexual, patriarcal e clasista en xeral.

O líder de VOX é Santiago Abascal e como é obvio, segue os mesmos ideais que o seu partido. Este señor ten o carácter da convición e a persuasión nos seus discursos e *meetings* aínda que a base destes sexa o odio e a desinformación. Santiago Abascal a primeiros de Xaneiro dixo que o 87% das denuncias por violencia de xénero eran falsas, mentres so un 0,078 % son falsas (segundo os analistas). Abascal alude aos seus fillos dicindo con ton paterno: “Tengo dos hijos y quiero protegerlos de las denuncias falsas” é dicir que quere protexer aos seus fillos dunha porcentaxe minúscula, pero no caso de que sexan homosexuais ,o 6,9% da poboación española, non merecen protección e se son transexuais que se paguen as súas operacións de reasignación de xénero, así como tratalos de indecentes.

VOX e feminismo son dous termos que non encaixan xa que este partido resístese ao avance social mentres que o feminismo pretende xusto o contrario. VOX alude que o feminismo quere oprimir e pasar por enriba do home, sen ter en conta que o feminismo se basea na igualdade de xénero. Son partidarios da abolición da lei de violencia de xénero alegando que esta produce moitas denuncias falsas e que isto producía discriminación en contra dos homes, pretendendo deixar ao descuberto miles de mulleres que sofren violencia diariamente tanto nos seus fogares como en calquera rúa. VOX cre na abolición do aborto sempre e cando tu non sexas rica, xa que o seu programa político di que o aborto sairá completamente do sistema público de saúde pero sen deixar de ser legal, case volvendo a rememorar o franquismo, durante o cal as mulleres se tiñan que ir abortar ao extranxeiro. Según VOX a custodia compartida é unha norma obviando que se unha das partes fose un asasino ou asasina ou que unha das partes da parella fose incriminado ou incriminada por violencia de xénero, o fillo ou filla serían os que sufrirían as causas.

Agora chegou o tempo de reflexionar se VOX é o vieiro que queremos que o noso país siga, un carreiro baseado no odio hacia persoas de distinto sexo, raza, sexualidade e relixión. Un partido que nos quere separar por muros e non se dá conta de que ningún humano debería de ser ilegal por nacer nun sitio que non fose Europa.

Iago Iglesias Calvo



Especial Eurovisión (Iugoslavia)

Eurovisión creouse en 1956 e cinco anos despois, en 1961, participou o primeiro e único país socialista en Eurovisión, Iugoslavia. Tamén foi o único que (xunto a Australia, Eslovaquia, Mónaco, Reino Unido e máis Serbia e Montenegro) só participou con cancións no seu idioma oficial, o serbocroata.

Ata a súa victoria, o mellor posto que tivo Iugoslavia foi o 4º grazas a:

1. Danijel, en 1983.
2. O grupo Novi Fosili, en 1987
3. Lola Novaković, en 1962.

A preselección nacional para elixir aos representantes fíxose a través do programa “Jugovizija”, que cada ano se grabou nunha república distinta.



Entre 1977 e 1980 Iugoslavia non participou e en 1985 retirouse do concurso porque se prohibiron todos os actos musicais debido ao 5º aniversario da morte do presidente Josip Broz Tito (1892-1980).



O grupo Riva conseguiu a primeira e única victoria para Iugoslavia.

Das vinte e sete veces que participou, quedou once no Top 10. A súa victoria en 1989 foi inesperada xa que non eran os favoritos para gañar máis, a pesar diso, o grupo Riva gañou coa canción “Rock me” con só sete puntos de diferenza con respecto aos favoritos (Reino Unido con 130 puntos quedando en segundo posto). A canción non tivo un gran éxito internacional e, paradoxicamente, tampouco o tivo a nivel nacional.

A súa peor participación foi no 1964 onde quedou penúltima e non obtivo ningún punto (ao igual que Alemaña, Portugal e Suíza).

Iugoslavia participou por última vez en 1992, pero só representou ao territorio de Serbia e Montenegro. Extra Nena interpretou “Ljubim te pesmama”, facendo que Iugoslavia se despedira do concurso no 13º posto.

MARCEL VÁZQUEZ HERRMANN

Fortnite

Mentres que videoxogos como Call Of Duty ou Battlefield teñen xogadores que buscan cada vez máis e máis realismo, un novo xogo conquistou o mundo, trátase de Fortnite, un videoxogo onde o realismo é o de menos, xa que unha muller vestida de zombie pode matar a un astronauta nalgunha das extrañas localizacións do mapa desde título, e poderá celebralo facendo un *dab* ou bailando *break dance*.

- **En que consiste Fortnite?**

Fortnite ten dúas variantes. Por unha parte, está a versión “Salvar o mundo”, na cal te sumerirás nunha aventura de supervivencia na que a túa misión será reunir aos supervivintes dun mundo devastado polas treboadas e cheo de zombies.

Pola outra cara, está o modo de xogo máis popular: Battle Royale.

Neste modo de xogo, teremos que lanzarnos xunto con outros 99 xogadores desde un autobús volador sobre unha illa. Unha vez alí, teremos que “*lootear*” curacións, escudos e armas, e matar aos outros xogadores ata ser o último en pé, e alcanzar así a *Victory Royale*.

Unha das ideas innovadoras que incluíron os desenvolvedores de *Epic Games* foi a construción, para construír deberás de “*farmear*” madeira, pedra ou metal, e comezar a construír rampas, paredes...



Mapa da temporada 8

- **Pase de batalla**

Cada 72 días acaba unha temporada de Fortnite, e comeza a seguinte, con cada temporada cambian localizacións do mapa, engaden armas e suman un novo pase de batalla.

Un pase de batalla é un contido do xogo que se pode obter por 950 paVos (Moeda do xogo), este proporcionache indumentarias (*skins*), potenciadores de PE, iconas, xestos, peles para ás delta e picos... que poderás empregar no campo de batalla, para lucir cos teus amigos...

- **Onde podo obtelo?**

Fortnite é un xogo gratuíto que se pode xogar en XBOX, PS4, PC, NINTENDO SWITCH, IOS y ANDROID.

Podes descargarlo directamente dende a páxina de *Epic Games*, ou dende as distintas tendas virtuais.

Carlos González Jaramillo
Daniel Fernández Villanueva

Os zocos están de moda: De Ferro

Cada par realizase a man, como manda a tradición, e co mesmo de sempre, pero os tempos cambian, agora vístenos de cores, xa se subiron as pasarelas...

Esta tempada deron un paso máis , e creáronse os zocos flexibles cumprindo así unha demanda dos clientes. Foron seis anos de investigación para garantir a máxima comodidade e algo que preocupaba especialmente a artesá era que fosen totalmente impermeables. Iso nun clima tan chuvioso como o galego supón conseguir o máis alto estándar de calidade.

A maxia da obra, unha peza de goma que une as dúas pezas de madeira que forman a silueta é o que permite que se dobre.

A empresa galega explica que «o inverno pasado xa os puidemos sacar porque xa estaban listos , pero quixemos probalos máis porque a maneira de ver o resultado é co uso».

E agora, pasadas todas as probas, chegan ao público.

No taller de Merza e na tenda de A Coruña, en Rego da Auga 4, apunta, «temos uns modelos de proba, pero ao igual que calquera outra peza pódese pedir de encarga». Pódense elixir modelos e número, do 34 ao 46. «Polo de agora temos de home e de muller de tacón normal e se vai ben os faremos tamén de tacón medio» e logo seguirán cos dos nenos , xa que cada vez teñen máis demanda.



Este verao foi o terceiro que sairon xa sandalias que se dobran, pero non foi ata agora que a flexibilidade chegase a os zocos. Coas sandalias, era máis sinxelo pero nos zocos había que conseguir que a pesares da unión non se colara nin unha pinga de auga. A cola, di, foi crucial. Necesitábase unha extremadamente resistente capaz de soportar ben o uso tendo en conta que «é algo que está en constante movemento». Unha das diferencias cos modelos tradicionais é que nos flexibles todos os zocos levan unha plantilla interior de coiro «para que o pé non note esa xunta».



unha plantilla que nos modelos tradicionais é opcional. A elaboración dos zocos flexibles é máis laboriosa e iso trasládase ao custo. Son coma di De Ferro, uns trinta euros máis caros que os de sola normal.




Damián Comesaña Fernández
Arianny Colón Liriano

FILMES


➤ De Galicia

TRINTA LUMES: É un filme dirixido por Diana Toucedo, o cal estreouse o 8 de febreiro do 2019 no Festival de Cine Internacional de Ourense. É un documental de 80 minutos que ten lugar en Galicia, concretamente no Courel, lugar no cal a nosa protagonista, unha nena chamada Alba, xunto co seu amigo Samuel recorren casas abandonadas, pobos destruídos..etc. A película recibe ese nome polos 30 nenos e nenas que quedan nas aldeas do Courel e realiza unha viaxe pola tradición e cultura galegas.



➤ De España

DOR E GLORIA: En español 'Dolor y Gloria' e en galego 'Dor e Gloria' é o estrea máis recente de Pedro Almodóvar, película que se puido ver o 22 de marzo deste 2019, e a cal se convertiu rápidamente na película máis taquilleira en España no que vai de ano. Narra unha serie de reencontros na vida de Salvador Mallo, algúns deles físicos e outros recordos pasados.



➤ Do Estranxeiro

CAPITANA MARVEL: É unha película estadounidense protagonizada por Brie Larson e Samuel L. Jackson, os cales dan vida a superheroina Carol Danvers/Capitana Marvel e ao futuro director de S.H.I.E.L.D Nick Fury. Estreouse o 8 de marzo, coincidindo co Día Internacional da Muller, sendo unha película que pretende mostrar a forza dunha muller e a capacidade de todas elas para realizar unha tarefa igual de ben que calquera home. Narra a perda de memoria que sofre Carol Danvers coñecida como Vers. A través dunha serie de sucesos Vers chega a Terra onde descobre o seu verdadeiro nome e recorda a súa vida anterior.



➤ Sobre o 2019



BLADE RUNNER: É unha película de ciencia ficción estadounidense estreada en 1982 que está baseada na novela '¿Sueñan los androides con ovejas eléctricas?' de Philip K. Dick. A película ten lugar na cidade de Los Ángeles en Estados Unidos, durante o mes de novembro de 2019. Describe un futuro no cal fabricanse humanos artificiais denominados 'replicantes' os cales nun inicio son os escravos dos humanos, pero acaban sendo ilegais e cazados polos Blade Runner.

Alex Villanueva Río

UN MAMUT EN O INCIO

En maio de 1961, apareceu nunha canteira de pedra caliza da localidade de Buxán -no municipio de O Incio- o primeiro fósil de mamut descuberto en Galicia, que hoxe continúa sendo o único. Pese a excepcionalidade do achádego e ao tempo transcurrido dende entón, segue habendo grandes incógnitas con respecto a estes restos. Non se coñece realmente a súa antigüidade nin se sabe se encerran outras informacións de valor científico.

Os responsables do Instituto Universitario de Xeoloxía de A Coruña din

que esta institución tratou fai anos de obter permiso para estudar os vestixios -depositados no Museo de Ciencias Naturais Luis Iglesias, da Universidade de Santiago-, pero que no foi posible conseguilo. «intentárono varias veces, non tiveron acceso nin lles deron explicacións, e acabaron por renunciar», afirmou a paleontóloga Aurora Grandal. «E unha pena, porque e posible que houbose proporcionado datos de moito interese >> engade.



Grandal apunta que, por unha parte, deberíase ter intentado datar os restos -dos molares e varios fragmentos de oso- mediante unha análise co método do carbono 14 para precisar mellor a época concreta na que puido vivir o mamut. Por outro lado, a

paleontóloga cre que sería interesante comprobar se os vestixios gardan material xenético suficientemente ben conservado como para permitir secuenciar o ADN.

O Concello de O Incio ten actualmente en marcha varias iniciativas encamiñadas a facer do mamut de Buxán un símbolo do municipio e un atractivo turístico. Tamén está previsto crear un roteiro de camiñada adicado ao mamut e instalar unha reprodución do animal a tamaño real na capital do municipio

Damián Comesaña Fernández

2019: VI DÍA DO LIBRO

Un ano máis, o Xograr celebrou o Día do Libro, un festival que pretende homenaxear a todos eses libros que nos permitiron chegar a ser quen somos, de xeito individual e colectivo e do que sempre se atopan novas definicións.

O teatro, a danza e a poesía foron os ingredientes deste espectáculo que comezou tentando dar unha resposta divertida a esa cuestión que tantas veces nos fixemos de por que o 23 de abril é o Día do Libro.

Para iso, os alumnos de 1º Bacharelato A e C representaron un fragmento da peza “Siglo de oro, siglo de ahora” orixinal da compañía Ron Lalá que nós quixemos denominar así: “Por que o 23 de abril?” Un número que permitiu comprobar que as celebracións teñen moitas veces a súa orixe en acontecementos fortuitos e no que podemos disfrutar coa boa interpretación de Claudia González Méndez, Diego Porral López, Miguel López López, Marco Fernández López e Yerai Vázquez Prado, que souberon dar xeito aos protagonistas deste día: Cervantes e Shakespeare, e as súas creaturas: D. Quijote e Hamlet.



A segunda actuación pretendía chamar a atención sobre as orixes da creación literaria (de carácter culto) occidental que parece situármolos nun castelo, entre señores e “señoras” e nos que os xogrades tiveron un papel fundamental. Precisamente aí foi onde nos levaron os alumnos de 1º Bacharelato C : Fabián Tourón Seijas e Javier López Vilar que recrearon para nós a peza “El rey enamorado”, texto orixinal de Les Luthiers que xoga co aí empezou todo.



O terceiro número trataba de reivindicar que nos libros, ademais da nosa historia, estamos nós porque os escritores convertéronse en auténticos especialistas nos retratos humanos.

Daquela, **os libros son auténticos manuais das nosas condutas**: das máis nobres e das máis ruíns. Os alumnos de 1º bacharelato B presentaron un fragmento da divertida obra “Shakespeare para ignorantes” da compañía MOFA E BEFA (dirixidos por Quico Cadaval) que divagaba sobre as probables razóns que garanten o éxito de escenas morbosas ou violentas nas obras literarias. Nesta peza interpretábanse algúns dos moitos crimes que se relatan na obra de Shakespeare e que son un exemplo de como a literatura en xeral é algo así como un manual básico de conduta humana, **un rexistro universal de condutas e emocións**. Edgar Tourón Fernández, Alejandro Abella Arias, Oriol Segalá Farrés,



Andrea Fernández Gato , Carmen Maceda Cabanas, Anxo Maceda Martínez, Yessica Ameijide Pérez, Javier Portillo González, Laura Álvarez López, Laura Vázquez López , Silvia Díaz Rodríguez, Erika De la Torre Rojas, María Vázquez Fernández, Patricia Rodríguez Díaz, Aitana Vázquez Miranda y Paula No Alvaredo.

Pero sobre todo, **os libros son unha fonte inagotable de conceptos e palabras , un manancial ao que sempre podemos acudir para atopar esa palabra exacta que defina o que facemos , o que somos ou o que queremos ser.** Por iso se escriben libros sobre todo tipo de asuntos e a eles quixemos facer referencia hoxe, para validar unha nova sentenzia que anule a simplona de que unha imaxe vale máis que mil palabras.

Os alumnos de 1º C, 3ºB e 4º ESO : Ainhoa Rodríguez Pérez, Jennifer Vázquez Díaz, Judith Rodríguez Alonso, Noelia López Pousada, Iago Iglesias Calvo, Damián Comesaña Fernández, Ángel de la Cruz, Slatel Alcántara Delgado , bailaron ao son de algúns dos ritmos máis famosos xurdidos no século XX.



E no último número, os alumnos de 1º Bacharelato C (Yago Fernández Teijeiro, Alexia Quiñoá Piñeiro, Laura López Gayoso, Mar Castro Díaz, Andrea Fernández López, Uxía Dono Martínez, Laura López Ojea, Yasmina Vázquez López, Javier López Vilar, Ana Sánchez Lebón, Alejandro Rodríguez Casares e Ana Cristina López

Capellá) reparaban de xeito desenfadado en que **os libros son auténticos manuais básicos de supervivencia.** E fixérono a partir dunha adaptación do poema de Lois Pérez titulado: “Hamlet e vivo”, que pechaba o festival lembrándonos que os textos clásicos son por transmitir grandes verdades atemporais.



Que os libros vos acompañen!

Sonia Cantalapiedra e Ana Belén Durán

ÁLBUM DO XOGRAR

NADAL



Concerto de Nadal
"MALDITOS ROEDORES"
Noelia, Nerea, Olalla e Diana
Que ben cantan estas rapazas!

ÁLBUM DO XOGRAR

SAMAÍN





NOVEMBRO, TEBRO, NOITEBRO

O medo, unha das emocións primixenias e máis fortes de ser humano!

ÁLBUM DO XOGRAR


8 DE MARZO, DÍA DA MULLER



CLUB DE LECTURA



CORRELINGUA



ÁLBUM DO XOGRAR

DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO



ÁLBUM DO XOGRAR

DÍA DA RADIO

13 de marzo - Día Mundial da Radio



Radio Xograr..

a túa radio..todos os venres con....

Kevin



Carlos



Hugo



Andrés



Pablo



Tomás



Sofía



Daniel



Laura



Enmanuel





Radio Xograr

Miguel



ÁLBUM DO XOGRAR

DÍA DA POESÍA




ÁLBUM DO XOGRAR



DÍA DAS LETRAS GALEGAS



Xogo: Atrapa ao monstro

| LETRA | PISTAS | MONSTRO | LETRA | PISTAS | MONSTRO |
|----------------------|--|---|----------|---|---------|
| CONTÉN o A | Para burla dos ricos naceu, dos que renegaban dos seus. gris caricatura foi ata que un pintor moderno a coloreou... |  | H | Escoitar o seu nome e mentar o mal Nas noites con néboa saía a matar e, pola mañá cedo, ala! a traballar! | |
| B | Aínda que tiña nome de artista só era famosa por ser rentista tiña malos para dominar pero esmorecía por prata calzar... | | I | Abofé que este monstro non debería ser, finxindo grandes risos achégase aos cativos e fainos desaparecer! | |
| C | Xigante monstruoso de escamas cuberto, cabeza de polbo, e corpo de dragón; con sangue de xelatina que soña con voltar... | | J | Para recoñecelo direivos que “ imos por partes” era a súa forma de traballar | |
| D | O máis meloso de todos, dandi e casanova á vez, invitaba cortés: “Ven libremente e deixa algo da felicidade que traes”. | | K | Dende a súa creación o primeiro coa técnica STOP-motion- non hai salvaxe illa que non asuste se vas de expedición... | |
| E | Viches nalgues un monstro con torso de muller cola de peixe, patas de can e boca de serpe? coidadiño! fuxir dela quererás e no remuíño afogarás! | | L | Fermosa e bicolor fixo odiar as peles a máis dunha xeración | |
| F | Hoxe este monstro case que dá risa pero cando naceu arrepiaba era grande, feo e torpón por igual e mataba ... por non poder amar! | | M | Hainas feiticeiras, chuchonas, lavandeiras e vedoiras pero nós xa sabemos que máis que malas, eran doctas | |
| G | Naceu no Xapón de longa cola e alento radiactivo que Hollywood converteu en ameaza. | | N | Foi o primeiro en chegar ás pantallas, versión non autorizada, terror expresionista, monstro cuxo nome non debe ser pronunciado porque a maldición é o seu agasallo. | |

| LETRA | PISTAS | MONSTRO | LETRA | PISTAS | MONSTRO |
|----------------------|---|---------|----------------------|--|---------|
| O | Naquel tempo dos xigantes camiñaba Pola nosa contorna unha especie de cíclope feroz que vía todo ao seu redor e comía e tragaba a dor! | | CONTÉN O U | De noite chegará, na casa entrará e a túa graxa perigará no fondo dun saco a atoparás! | |
| P | De orixe sumerio e despece complexo: era home, can, cabra, águia e serpe. Pero no cine foi demo e moitos rezos provocou! | | V | Dicía Byron que o que así se chamaba vagaría pola contorna que fora o seu lar e o sangue dos seus volvería a buscar | |
| CONTÉN o R | Nigromante coñecido por "O aborrecido" moitas terras o sufriron fracasou por fachendoso fiando todo o seu poder nun anel misterioso!! | | Contén o X | As súas melodías gaioleiras a súa beleza e os seus feitizos provocan a morte na costa un ano e outro e outro máis... | |
| S | Dende as doce á unha corre a mala fortuna Se de lonxe a ves vir non te botes a rir debuxa un círculo de xiz no chan e logo corre, corre sen parar que aínda que título de santa ten non llo outorgou ninguén! | | CONTÉN O Y | O humor negro foi o seu: O home dos teus soños xa chegooooo! Deixa de berrar! que só te quero esnaquizar! Alguén che comeu a lingua? | |
| CONTÉN o T | Noxo noxento me dan porque só te queren baleirar se non sabes o patronus perdido te verás! | | Z | Medianoite... axexando na escuridade unha visión paraliza o teu corazón... sentes unha man fría e preguntaste se voltarás ver o sol porque isto é medo, isto é terrrrr | |



GAUSS

PASATEMPOS MATEMÁTICOS

XEROGLÍFICO MATEMÁTICO

$$\begin{aligned} \bullet + \bullet &= 10 \\ \bullet \times \square + \square &= 12 \\ \bullet \times \square - \triangle \times \bullet &= \bullet \end{aligned}$$

Atopa o valor numérico do círculo, do triángulo e do rectángulo para que sexan certas as igualdades dadas.



MARÍA WONENBURGER

CRUCIGRAMA MATEMÁTICO

Usa os números do 1 ao 16 para completar as ecuacións. Cada número só pode usarse unha vez.

| | | | | | |
|----|---|----|---|---|----|
| | + | | × | | 28 |
| - | | × | | + | |
| | - | | - | | -8 |
| × | | + | | - | |
| | + | | + | | 12 |
| -1 | | 58 | | | 0 |



EULER

BLOQUES NUMÉRICOS

| | | | |
|----|----|----|----|
| | | | 8 |
| | | | 13 |
| | | | 16 |
| 6 | | | 17 |
| 20 | 16 | 10 | 12 |


Usa os números do 1 ao 9. Os números de cada fila, columna e diagonal deben sumar o que se indica á dereita, no fondo e nas esquinas respectivamente.



PITÁGORAS


SIGNOS

Coloca os signos de suma, resta ou multiplicación nos círculos baleiros para que o resultado das operacións, no sentido das agullas do reloxo, sexa o número central.



HIPATIA

DO 1 AO 9 NO CADRADO



Coloca os números do 1 ao 9, cada un nun círculo, de modo que os da mesma liña (horizontal ou vertical) sumen o mesmo.



SUDOKU

TALES

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 4 | 9 | | | 1 | | 5 | 3 |
| 6 | | | | 7 | 9 | | 4 | |
| | | | | | 5 | | | 9 |
| | | 4 | | | 2 | | | 7 |
| 7 | | | | | | | | 8 |
| 5 | | | 7 | | | 2 | | |
| 1 | | | 3 | | | | | |
| | 8 | | 5 | 4 | | | | 2 |
| 4 | 7 | | 9 | | | 3 | 8 | |


Hai que completar os cadrados baleiros con díxitos do 1 ao 9 sen que se repitan por fila, columna ou rexión.



PIRÁMIDE NUMÉRICA

ADA LOVELACE

O número de cada cadrado é a suma dos dous cadrados que se atopan debaixo.



EUCLIDES

CRUCIGRAMA NUMÉRICO

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 1 | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ |
| 2 | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ |
| 3 | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ |
| 4 | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ |
| 5 | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ |
| 6 | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ |
| 7 | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ |
| 8 | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ |
| 9 | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ | ■ |

HORIZONTAIS

1:4.24 por cen. Sesenta e cinco por sete, menos oitenta e dous.2:Seis por doce.1546 por seis, máis once. Base do sistema binario.3:Ángulos dun cadrilátero.6030 entre dez.216 máis 131, máis 167.4:801000 entre mil, menos trinta e seis.10% de 350.182 menos 109.5:3582 entre nove.178 por catro.6:25% de 240.En representación hexadecimal é D.1496 entre oito.7:1019 menos setenta e un, menos sete.367 por dous. Termo que na sucesión de Fibonacci segue ao 2.8:Tres por tres.12254 entre dous. Noveno número primo.9:1608 entre seis, máis 181.52,5 por dez.

VERTICAIS

1:4482 entre seis.824 menos 251, máis 126.2:Terceira parte de 126.6.304 por mil. Dous ao cadrado.3:O seu dobre é catro.1502 menos 843.818 menos 654.4:136 máis 354.Nove ao cadrado. Dobre de nove máis un.5:349 menos noventa e oito, menos dezaioito. Cincuenta e catro por sete, menos seis.6:Tres ao cubo máis once. Oitocentos menos 743.1066 menos 691.7:Sesenta e cinco por doce, menos cinco. Tres máis 111.Termo que na sucesión de Fibonacci segue ao segundo 1.8:Obtense o triplo multiplicando por este número.432 por catro. Dous elevado a catro máis nove.9:729 entre tres.894 menos corenta e catro, menos 117.

CADRADO MÁXICO



MARYAN MIRZAKH

Hai que completar os cadrados de tal forma que a suma dos números por columnas, filas e diagonais principais sexa a mesma.


| | | | |
|---|----|----|---|
| 8 | | 11 | 1 |
| | 12 | 13 | |
| 9 | 5 | 4 | |
| | | 6 | |




Horizontais:

- 1. Figura plana cuxa área é $\frac{b \cdot a}{2}$
- 9. Dez unidades.
- 11. Nunha fracción, partes que tomo.
- 13. 1114
- 14. Poliedro limitado por seis caras cadradas iguais.
- 15. Cen unidades.
- 18. 20% de 500.
- 20. Unidade fundamental de lonxitude no sistema internacional.
- 23. Resta.
- 27. 
- 28. 
- 29. Raíz cadrada de 169.
- 30. Cociente de dous números.
- 32. Matemático grego fundador da escola pitagórica.
- 33. Instrumento topográfico de medida de ángulos.
- 34. Figura xeométrica de catro lados iguais que non forman ángulos rectos.
- 35. Igualdade entre dúas expresións que contén unha ou máis variables.

Verticais:

- 2. Unidade de medida de ángulos.
- 3. Unidade fundamental do volume no sistema internacional.
- 4. Dividendo entre divisor.
- 5. Nunha fracción, número de partes entre as que se divide a unidade.
- 6. Cociente, divisor e resto.
- 7. Tipo de número decimal no que unha cifra decimal se repite ata o infinito.
- 8. Propiedade pola que a orde dos factores non altera o produto.
- 10. Nunha potencia, número de veces polo que se multiplica a base por si mesma.
- 12. Figura plana que ten catro lados.
- 15. Liña curva cerrada que rodea ao círculo.
- 16. Conxunto numérico máis pequeno que inclúe ao conxunto dos números naturais.
- 17. 
- 19. Unidade fundamental de tempo do sistema internacional.
- 21. Conxunto numérico máis pequeno.
- 22. Que se le igual de dereita a esquerda que de esquerda a dereita.
- 24. Metade do diámetro.
- 25. Curva na que os puntos están á mesma distancia dun punto fixo, foco, e dunha liña fixa, directriz.
- 26. Figura plana con lados rectos.
- 31. Número que só pode dividirse de forma exacta entre el mesmo e o 1.



LAURA GARCÍA



Excursión 4º de E.S.O. Amsterdam

Graduación 2º Bacharelato 2019





**DESPEDIDA AMABLE PARA OS
ALUMNOS DE 2º BACHARELATO
E 4º DA ESO QUE MARCHAN
ESTE CURSO DO XOGRAR**

Adeus, rapazas e rapaces,
savía nova do Xograr,
alumnos que marchades
e quixerades volver a empezar.

Aulas e corredores
cheas das vosas pegadas están,
tamén o laboratorio,
a biblio, o patio,
o ximnasio e o bar.

Foron anos de proxectos,
de conversas
e tamén de decepcións,
foron moitos os traballos, as
saídas e as emocións.

Aquí pasastes moitos días:
seis anos, catro ou *dous*...
O tempo mídese no corazón. e
todos atopastes amigos
que sempre levaredes con vós.

Confundidos e asustados,
non teñades medo tal!
Évos voso ese futuro,
évos voso, de ninguén máis!

Destes profes lembrarádesvos
moitas veces no mañán,
estádelles agradecidos
que coma eles poucos hai.

Marchade en boa hora! E
que todo o aprendido
sirva para leer con tino
ese mundo tan cretino
co que teredes que lidiar.

Non sei cando nos veremos
tarde ou cedo, que máis ten?
Esta é a vosa casa,
vós sabédeio ben.

Este vaise e aquel vaise... Todas e
todos se van!
O Xograr ábrevos as portas sorte
a todos e a voar!

O Xograr divos adeus baixiño, mais
quixérvos berrar ben forte: Adeus,
adeus, meus queridiños!
Levaime en vós tamén

ADEUSES

Don Ramón Otero Pedrayo dixo nalgures que Galicia era terra de adeuses. Referíase, como non, a emigración. Este ano, aquí no Xograr tamén nos convertimos en territorio de adeuses. Adeuses a mulleres pioneiras que foron sementadoras de coñecemento, agarimo e do bo quefacer. Algúns adeuses senlleiros, coma trallazos, outros discretos e anunciados , pero igualmente sentidos coa emoción das despedidas.

Así iniciamos o curso , coa fenda dun adeus afogado, cun adeus que nos deixou desacougados, melancólicos, que nos fixo tremelicar o ser , o corazón e o sentir. Adeus, compañeira. Adeus, Edelmira.

Lembrarémoste como amiga de mans e apertas tendidas.

*Camiñarás ao noso rente,
e pedirémosche consellos, coma sempre,
compartiremos os tempos que nos queden
sentíndonos amparados pola túa presenza.*

*Contra a morte,
o amor que vai connosco
manteráte viva para sempre.*

Logo , co paso dos meses , viñeron outros adeuses. Adeuses discretos, anunciados, de paso miúdo pero con retorno garantido, adeuses que pechan etapas e que son sentidos pero xubilosos porque sabemos que regresaredes. Agardamos a volta! Isto é un viaxe de pracer, consentido e agardado.

Manolita, M^a Xosé , desde o Xograr, desde AeA desexámosvos feliz travesía, feliz nov´ idade, feliz e xubiloso adeus.

Que as fadas vos acompañen, que os ventos vos sexan propicios e que a travesía sexa longa e chea de aventuras!

Lembrando a Kavafis:

*“Ítaca regalouche unha fermosa viaxe.
Sen ela non terías iniciado o camiño,
máis ningunha outra cousa pode darche
Ítaca non te enganou,
que ela se prolongue polos anos
conforme rico en saber e en vida regresaches.
Así comprenderás o que significan as Ítacas.”*

Sempre e máis despois
seredes de novo benvidas!



“Não há pequenas coisas,
as pequenas coisas são as
grandes, uma luz exata,
um gesto preciso...”

Rodrigues

Querida M^a José:

Parece que aínda foi onte o primeiro curso que me deches clases.

Recordo con moito agarímo toda a paciencia que tíveches, todo o que me axudaches.

Estou moi contento de que me acompañaras estes catro anos, xa que ao teu lado foron máis levadeiros. Grazas por verme sempre presente en cada detalle...

En fin que te vou botar moito de menos.

P.D.: Agora que o penso tamén é o último ano meu no Centro. A parte de M^a José, grazas tamén a todos e cada un dos profesores que están e aos que xa non están. Grazas por axudarme.

Sempre vos lembrarei!

Grazas

HUGO DEIRÓS LÓPEZ, 4^ºB

AGRADECEMENTOS

Dende Aquí e Agora queremos amosar o noso agradecemento a:

O [Concello de Sarria](#), a conta do que corren parte dos gastos de impresión da revista.

A [Dirección do Xograr](#) e o [Equipo de Dinamización Lingüística](#) polo seu apoio incondicional a este proxecto.

As inesquecibles e perseverantes colaboradoras externas [Carmela Cela](#) e [María Lopo](#) por agasallarnos co seu tempo e os seus traballos.

A [José M^a Díaz Bernárdez](#), pola colaboración no artigo “Sarria dende a lente”.

A [Valeria Viñas](#), por ceder a súa foto Eixo solar, gañadora do I concurso Fotografía Matemática, para o índice de AeA.

A [todo o profesorado do Xograr](#) que permiten enriquecer distintas seccións da revista coas súas colaboracións e asesoramentos: [Jorge](#) de Relixión, [Begoña](#) de Ed. Plástica, [Félix](#) de Lingua Castelá, [Ana Belén](#) de Lingua Castelá, [Laura](#) de Matemáticas, [Sonia](#) de TIC, [Miguel](#) de Francés, [Ana](#) de Inglés, [Manolita](#) de Bioloxía, [Pepa](#) de Lingua Galega, [Felisa](#) de Lingua Galega, [Sonia](#) de Educación Física, [Susana](#) de Música, [Lucía](#) de Inglés, [Antía](#) de Bioloxía e [Laura](#) do Ciclo.

A todo o [alumnado](#) que participou e colaborou cos seus escritos, imaxes, fotografías, e que son os [vedadeiros artífices de AeA 19](#).

E especialmente a [Tomás](#) e a [Sonia](#) de TIC por levar as rendas da maquetación da revista.

E sobre todo a vós, [lectores](#), por compartires con nós o derradeiro obxectivo de AeA, por interpretar coa vosa mirada e o voso saber este ensarillado quefacer.

Equipo de dirección, coordinación e redacción da revista AeA 19

*Gustouche este número? Hai algo que deberiamos mellorar?
Agradecemos que nolo digas no noso blog
revistaaquieagora.blogspot.com ou nos envíes un e-mail a
revistaaquieagora@gmail.com
E se queres formar parte deste noso equipo pois NON O
DUBIDES, o vindeiro curso voltaremos e sempre serás ben
chegado. Agardámoste!*



EQUIPO AeA 19

COORDINACIÓN

LOLA CHAOS MONASTERIO

XOSÉ LOIS GUTIÉRREZ FAÍLDE

DIRECCIÓN

DAMIÁN COMESAÑA FERNÁNDES

LAURA GONZÁLEZ LEMOS

DIEGO LÓPEZ LÓPEZ

GISELA VILLANUEVA RÍO

REDACCIÓN

SOFÍA ALVAREDO LÓPEZ

ARIANNY COLÓN LIRIANO

TOMÁS CUMBRAOS DÍAZ

HUGO DEIROS LÓPEZ

PATRICIA DÍAZ FABEIRO

DANIEL FERNÁNDEZ VILLANUEVA

CARLOS GONZÁLEZ JARAMILLO

IAGO IGLESIAS CALVO

MARCEL VÁZQUEZ HERRMANN

JUDITH VILLASOL TEIJEIRA

ALEX VILLANUEVA RÍO

revistaaaqueigora@gmail.com

www.revistaaaqueieagora.blogspot.com

